



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 264
2 de outubro de 2025



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

I 27334 (12/PNC-002578)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central referidas ao traballo conxunto entre o Estado e as comunidades autónomas no que atinxe á política de venda

[121340](#)

I 33167 (12/PNC-002869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a demanda ao Goberno galego do impulso dun proceso de cooperación entre as distintas administracións para articular un sistema aeroportuario que mellore os seus servizos e desenvolva as tres terminais

[121340](#)

Rexeitamento das iniciativas

I 20091 (12/PNC-001871)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que facilite a declaración de zonas de mercado residencial tensionado

[121341](#)

I 30544 (12/PNC-002756)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación cos postos de traballo ligados ao mantemento e a conservación da autovía AG-41

[121341](#)

I 32750 (12/PNC-002851)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e dous deputados/as máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia en beneficio do transporte público por estrada entre Carballo e A Coruña

[121341](#)



1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

I 34401 (12/PRE-011248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o nivel de seguridade viaria no cruce da estrada OU-540 no lugar de Carballo, concello de Vereas, as demandas de mellora recibidas pola Xunta de Galicia e as súas previsións ao respecto

[121350](#)

I 34406 (12/PRE-011249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e a entrada ilegal de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro, a valoración do traballo que realizan as diferentes administracións competentes e as estratexias previstas pola Xunta de Galicia nesta materia

[121355](#)

I 34414 (12/PRE-011250)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a contía da partida orzamentaria que recibe Santiago de Compostela en concepto de capitalidade e a eventual existencia de informes que consideran apropiado mantela en 2,6 millóns anuais

[121361](#)

I 34418 (12/PRE-011251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a contía prevista nos orzamentos da Comunidade Autónoma de 2026 destinada a Santiago de Compostela en concepto de capitalidade e as razóns que fundamentan a súa fixación

[121365](#)

I 34425 (12/PRE-011252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre o estado das instalacións do IES Lucus Augusti, de Lugo, logo dun ano de obras de rehabilitación e as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia ao respecto

[121369](#)

I 34455 (12/PRE-011253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ás modificacións organizativas do CEIP da Carrasqueira, de Vigo, e á restitución da segunda liña de 4º de educación primaria e do posto de docente suprimido

[121374](#)

I 34462 (12/PRE-011254)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Suárez Fernández, Iago

Sobre a avaliación do incendio de Pantón e Sober producido en setembro de 2025, a xestión dos traballos de extinción, a prevención prevista para este territorio da Ribeira Sacra e a resposta ás persoas afectadas

[121379](#)**I 34467 (12/PRE-011255)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre os danos que están a causar nos bancos marisqueiros os depredadores mariños como a ouxa, os estudos respecto deste problema e as actuacións postas en marcha ou previstas pola Xunta de Galicia para o seu control

[121383](#)**I 34474 (12/PRE-011256)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Bouza Manso, Aitor

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da súa colaboración co proxecto do Goberno central para dotar Galicia de servizos ferroviarios de proximidade

[121388](#)**I 34480 (12/PRE-011257)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a postura e as previsións da Xunta de Galicia respecto das demandas de ampliación e mellora das instalacións do CEIP Quiroga Palacio, de Santiago de Compostela

[121392](#)**I 34483 (12/PRE-011258)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á mellora das instalacións do CEIP Quiroga Palacios, de Santiago de Compostela, e as razóns de non responder no verán ás demandas da comunidade educativa

[121396](#)**I 34492 (12/PRE-011259)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre a situación actual dos centros de ensino de Moaña canto á súa dotación docente, nomeadamente no ámbito da atención ao alumnado con necesidades especiais de apoio educativo

[121400](#)**I 34497 (12/PRE-011260)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa proposta formulada pola comunidade educativa do CEIP Raíña Fabiola, de Santiago de Compostela, para a ampliación do comedor escolar do centro

[121406](#)**I 34500 (12/PRE-011261)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a eventual incorporación nos orzamentos de 2026 dunha partida destinada á ampliación do comedor escolar do CEIP Raíña Fabiola, de Santiago de Compostela, e a súa posible contía

[121410](#)**I 34503 (12/PRE-011262)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia non respondeu ás demandas formuladas no inicio do curso 2025-2026 pola comunidade educativa do CEIP Raíña Fabiola, de Santiago de Compostela, en relación coa ampliación do comedor escolar

[121414](#)**I 34510 (12/PRE-011263)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a situación actual dos grupos de emerxencias supramunicipais no referido á súa capacidade de cobertura territorial, á dotación de medios materiais e ás condicións laborais

[121418](#)**I 34516 (12/PRE-011264)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago

Sobre a transparencia e o uso de fondos públicos por parte da Xunta de Galicia no contrato de patrocinio da Regata Rey Juan Carlos I de Sanxenxo e as súas previsións cara ao futuro neste tipo contratos

[121423](#)**I 34538 (12/PRE-011265)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as consecuencias do incendio forestal de Sober e Pantón de setembro de 2025 e as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á ordenación forestal e á prevención de incendios na Ribeira Sacra

[121427](#)**I 34551 (12/PRE-011266)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para o presente curso respecto da dotación do CEIP Concepción Arenal, da Coruña, de docentes especialistas en alumnado con necesidades educativas especiais e necesidades específicas de apoio educativo

[121432](#)**I 34570 (12/PRE-011267)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre a oferta de itinerarios formativos no Plan anual de formación do profesorado 2025-2026 centrados na innovación pedagóxica e didáctica en lingua galega ou desde a lingua galega

[121436](#)**I 34573 (12/PRE-011268)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre os efectos do incendio forestal de Larouco deste verán de 2025 e as eventuais consecuencias para as adegas das Covas de Seadur, pendentes da súa declaración como ben de interese cultural

[121440](#)

I 34581 (12/PRE-011269)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre a situación das instalacións do Club de Remo Olímpico do Mandeo, de Bergondo, e a postura da Xunta de Galicia ante as propostas de colaboración co fin de construír no Pedrido novas infraestruturas para impulsar esta práctica deportiva

[121444](#)**I 34586 (12/PRE-011270)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Vidal Lamas, Sonia**

Sobre as iniciativas, medidas prácticas e previsións da Xunta de Galicia para afrontar no mundo agrario as secas prolongadas derivadas do cambio climático

[121448](#)**I 34630 (12/PRE-011271)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla**

Sobre as valoracións e as actuacións da Xunta de Galicia respecto do funcionamento das pulseiras telemáticas de control para vítimas de violencia machista

[121453](#)**I 34637 (12/PRE-011272)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a actividade inspectora de Augas de Galicia en 2025 destinada ao control de verteduras nos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, os protocolos seguidos por esta entidade e o seu nivel de transparencia

[121458](#)**I 34665 (12/PRE-011273)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre o nivel de obxectividade da Xunta de Galicia na avaliación dos plans industriais estratéxicos (PIE), o seu impacto socioeconómico nos espazos en que se asentán e a participación das administracións locais na definición e no seguimento dos proxectos

[121462](#)**I 34668 (12/PRE-011274)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre o modelo de atención que desenvolve o sistema para a autonomía e atención á dependencia en Galicia

[121467](#)**I 34674 (12/PRE-011275)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre a situación do transporte público por estrada en Miño, as actuacións da Xunta de Galicia respecto do seu funcionamento e as previsións que ten verbo da mellora dos servizos

[121471](#)**I 34680 (12/PRE-011276)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Rodil Fernández, Olalla

Sobre as denuncias ou queixas presentadas polas traballadoras do servizo de axuda no fogar nos últimos cinco anos, as súas razóns e as deficiencias detectadas pola Xunta de Galicia a través dos servizos de inspección

[121476](#)**I 34685 (12/PRE-011277)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a situación relativa á dotación de profesorado e persoal coidador do CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, de Noia, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

[121480](#)**I 34696 (12/PRE-011278)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o funcionamento dos centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual e a xestión da Xunta de Galicia sobre esta materia

[121486](#)**I 34700 (12/PRE-011279)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre as necesidades de transporte público na Costa da Morte para mellorar a mobilidade do alumnado das etapas de ensino postobrigatorias e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

[121490](#)**I 34706 (12/PRE-011280)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre a situación en que se atopan as infraestruturas do CEIP Virxe do Portal, de Sobrado, e as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dun proxecto de reforma integral do centro

[121495](#)**I 34725 (12/PRE-011281)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre o nivel de eficacia do dispositivo de extinción de incendios forestais en canto á vixilancia e á rapidez de resposta, así como sobre as melloras que prevé introducir a Xunta de Galicia nos seus protocolos e na súa dotación de recursos materiais e humanos

[121499](#)**I 34734 (12/PRE-011282)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto dunha maior flexibilización dos prazos para o cumprimento das obrigas fiscais coa Axencia Tributaria de Galicia por parte dos afectados polos incendios forestais deste verán de 2025

[121503](#)**I 34741 (12/PRE-011283)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria



Sobre o nivel de presenza da lingua galega nas escolas oficiais de idiomas e as previsións da Xunta de Galicia en canto á mellora da oferta formativa do galego nestes centros [121507](#)

I 34747 (12/PRE-011284)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre o impacto da seca en Galicia no verán de 2025, os criterios usados pola Xunta de Galicia na planificación dos recursos hídricos, singularmente no sector agrogandeiro, e as súas previsións cara ao futuro nesta materia [121514](#)

I 34751 (12/PRE-011285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da renovación da cuberta do pavillón do CPI da Cañiza [121519](#)

I 34757 (12/PRE-011286)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa execución das obras comprometidas para a rehabilitación da cuberta do patio do CPI Castro Baxoi, de Miño [121524](#)

I 34767 (12/PRE-011287)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a transparencia no emprego do mecanismo extraordinario das comisións de servizos como fórmula de cobertura de postos de traballo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as previsións do Goberno galego no que atinxe á priorización dos procedementos ordinarios [121528](#)

I 34779 (12/PRE-011288)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre os motivos polos que a TVG non cubriu a presentación pública de Lugo como cidade que acollerá a gala dos Premios Mestre Mateo de 2026 [121532](#)

I 34787 (12/PRE-011289)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da posibilidade de exercer o dereito de tanteo e retracto sobre o pazo de Montesacro, en Cambados, incorporalo á tutela pública e evitar a súa perda como parte do patrimonio histórico galego [121535](#)

I 34793 (12/PRE-011290)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuidade e do recoñecemento da singularidade do mestrado de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela desde o curso 2026-2027, así como da vixencia do Decreto 222/2011 [121539](#)



I 34805 (12/PRE-011291)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre o nivel que acadaron as vendas de solo industrial a través de Xestur en 2024 e os plans previstos polo Goberno galego para mellorar a oferta, dinamizar o mercado do solo e captar novos proxectos empresariais e industriais

[121543](#)**I 34816 (12/PRE-011292)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a situación en que está o transporte metropolitano en Ferrolterra e os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a adopción de medidas de mellora

[121547](#)**I 34830 (12/PRE-011293)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre o funcionamento do modelo de integración do transporte escolar co transporte ordinario na comarca de Ferrolterra e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a súa mellora

[121551](#)**I 34829 (12/PRE-011294)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego en canto ao inicio da construción dun novo centro de saúde no concello de Poio para substituír o actual de Anafáns

[121555](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 30 de setembro de 2025, en relación co escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia polo que comunica a modificación da denominación do grupo, que pasa a denominarse Grupo Parlamentario Socialista de Galicia (doc. núm. 34702). [121348](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

I Corrección de erros na publicación dos acordos da Mesa do Parlamento do 17 de xuño de 2025 (BOPG 211, do 18.06.2025) [121349](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 30 de setembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións

- 27334 (12/PNC-002578)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central referidas ao traballo conxunto entre o Estado e as comunidades autónomas no que atinxe á política de vivenda

BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 11 votos a favor, 0 votos en contra e 6 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixirlle ao Goberno de España:

1. Que calquera medida ou iniciativa en materia de vivenda, nomeadamente o Plan de Vivenda 2026-2023, sexa previamente consensuada e dialogada coas comunidades autónomas, garantindo o respecto ao principio de lealdade institucional e ás competencias exclusivas ou compartidas recollidas no marco constitucional e estatutario.

2. Que atenda de forma efectiva as peticións, propostas e necesidades expostas polas comunidades autónomas en materia de vivenda e, particularmente, as formuladas pola Xunta de Galicia, garantindo un tratamento equitativo, transparente e estable.

3. Que respecte, como máximo órgano de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas que é, a Conferencia Sectorial de Vivenda, convocada para o próximo 2 de outubro, para facer efectiva a participación das comunidades autónomas na definición do interese xeral, o apoio á unidade de acción e o respecto ao autogoberno e a diversidade nas políticas públicas de vivenda.»

- 33167 (12/PNC-002869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a demanda ao Goberno galego do impulso dun proceso de cooperación entre as distintas administracións para articular un sistema aeroportuario que mellore os seus servizos e desenvolva as tres terminais

BOPG nº 252f1, do 10.09.2025



Sométese a votación separada por puntos:

Punto 1: resulta rexeitado por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións

Puntos 2 e 3: resultan aprobados por 15 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións:

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Instar o Goberno do Estado a iniciar negociacións urxentes coa empresa Ryanair para que desista das medias anunciadas e elimine o ERE proposto, e así mesmo manteña o seu nivel de operacións actual nos aeroportos de Santiago de Compostela e Vigo e así evitar o illamento aéreo de Galicia.

2. Demandar do Goberno do Estado, e coa mesma finalidade, a intervención conxunta e urxente do Ministerio de Transportes e do Ministerio de Traballo e no entanto que se realicen en Santiago de Compostela e non en Madrid as negociacións do ERE anunciado pola empresa.»

Rexeitamento das iniciativas

- 20091 (12/PNC-001871)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que facilite a declaración de zonas de mercado residencial tensionado

BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 1 abstencións.

- 30544 (12/PNC-002756)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación cos postos de traballo ligados ao mantemento e a conservación da autovía AG-41

BOPG nº 239f1, do 21.08.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 32750 (12/PNC-002851)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e dous deputados/as máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia en beneficio do transporte público por estrada entre Carballo e A Coruña

BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de setembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 34401 (12/PRE-011248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o nivel de seguridade viaria no cruce da estrada OU-540 no lugar de Carballo, concello de Vereá, as demandas de mellora recibidas pola Xunta de Galicia e as súas previsións ao respecto

- 34406 (12/PRE-011249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e a entrada ilegal de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro, a valoración do traballo que realizan as diferentes administracións competentes e as estratexias previstas pola Xunta de Galicia nesta materia

- 34414 (12/PRE-011250)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a contía da partida orzamentaria que recibe Santiago de Compostela en concepto de capitalidade e a eventual existencia de informes que consideran apropiado mantela en 2,6 millóns anuais

- 34418 (12/PRE-011251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a contía prevista nos orzamentos da Comunidade Autónoma de 2026 destinada a Santiago de Compostela en concepto de capitalidade e as razóns que fundamentan a súa fixación

- 34425 (12/PRE-011252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre o estado das instalacións do IES Lucus Augusti, de Lugo, logo dun ano de obras de rehabilitación e as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia ao respecto

- 34455 (12/PRE-011253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ás modificacións organizativas do CEIP da Carrasqueira, de Vigo, e á restitución da segunda liña de 4º de educación primaria e do posto de docente suprimido



- 34462 (12/PRE-011254)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago

Sobre a avaliación do incendio de Pantón e Sober producido en setembro de 2025, a xestión dos traballos de extinción, a prevención prevista para este territorio da Ribeira Sacra e a resposta ás persoas afectadas

- 34467 (12/PRE-011255)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre os danos que están a causar nos bancos marisqueiros os depredadores mariños como a ouxa, os estudos respecto deste problema e as actuacións postas en marcha ou previstas pola Xunta de Galicia para o seu control

- 34474 (12/PRE-011256)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Bouza Manso, Aitor

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da súa colaboración co proxecto do Goberno central para dotar Galicia de servizos ferroviarios de proximidade

- 34480 (12/PRE-011257)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a postura e as previsións da Xunta de Galicia respecto das demandas de ampliación e mellora das instalacións do CEIP Quiroga Palacio, de Santiago de Compostela

- 34483 (12/PRE-011258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á mellora das instalacións do CEIP Quiroga Palacios, de Santiago de Compostela, e as razóns de non responder no verán ás demandas da comunidade educativa

- 34492 (12/PRE-011259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre a situación actual dos centros de ensino de Moaña canto á súa dotación docente, nomeadamente no ámbito da atención ao alumnado con necesidades especiais de apoio educativo

- 34497 (12/PRE-011260)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa proposta formulada pola comunidade educativa do CEIP Raíña Fabiola, de Santiago de Compostela, para a ampliación do comedor escolar do centro



- 34500 (12/PRE-011261)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a eventual incorporación nos orzamentos de 2026 dunha partida destinada á ampliación do comedor escolar do CEIP Raíña Fabiola, de Santiago de Compostela, e a súa posible contía

- 34503 (12/PRE-011262)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia non respondeu ás demandas formuladas no inicio do curso 2025-2026 pola comunidade educativa do CEIP Raíña Fabiola, de Santiago de Compostela, en relación coa ampliación do comedor escolar

- 34510 (12/PRE-011263)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a situación actual dos grupos de emerxencias supramunicipais no referido á súa capacidade de cobertura territorial, á dotación de medios materiais e ás condicións laborais

- 34516 (12/PRE-011264)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago

Sobre a transparencia e o uso de fondos públicos por parte da Xunta de Galicia no contrato de patrocinio da Regata Rey Juan Carlos I de Sanxenxo e as súas previsións cara ao futuro neste tipo contratos

- 34538 (12/PRE-011265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as consecuencias do incendio forestal de Sober e Pantón de setembro de 2025 e as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á ordenación forestal e á prevención de incendios na Ribeira Sacra

- 34551 (12/PRE-011266)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para o presente curso respecto da dotación do CEIP Concepción Arenal, da Coruña, de docentes especialistas en alumnado con necesidades educativas especiais e necesidades específicas de apoio educativo

- 34570 (12/PRE-011267)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre a oferta de itinerarios formativos no Plan anual de formación do profesorado 2025-2026 centrados na innovación pedagóxica e didáctica en lingua galega ou desde a lingua galega

- 34573 (12/PRE-011268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes

Sobre os efectos do incendio forestal de Larouco deste verán de 2025 e as eventuais consecuencias para as adegas das Covas de Seadur, pendentes da súa declaración como ben de interese cultural

- 34581 (12/PRE-011269)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre a situación das instalacións do Club de Remo Olímpico do Mandeo, de Bergondo, e a postura da Xunta de Galicia ante as propostas de colaboración co fin de construír no Pedrido novas infraestruturas para impulsar esta práctica deportiva

- 34586 (12/PRE-011270)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia

Sobre as iniciativas, medidas prácticas e previsións da Xunta de Galicia para afrontar no mundo agrario as secas prolongadas derivadas do cambio climático

- 34630 (12/PRE-011271)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre as valoracións e as actuacións da Xunta de Galicia respecto do funcionamento das pulseiras telemáticas de control para vítimas de violencia machista

- 34637 (12/PRE-011272)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a actividade inspectora de Augas de Galicia en 2025 destinada ao control de verteduras nos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, os protocolos seguidos por esta entidade e o seu nivel de transparencia

- 34665 (12/PRE-011273)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre o nivel de obxectividade da Xunta de Galicia na avaliación dos plans industriais estratéxicos (PIE), o seu impacto socioeconómico nos espazos en que se asentan e a participación das administracións locais na definición e no seguimento dos proxectos

- 34668 (12/PRE-011274)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre o modelo de atención que desenvolve o sistema para a autonomía e atención á dependencia en Galicia

- 34674 (12/PRE-011275)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes



Sobre a situación do transporte público por estrada en Miño, as actuacións da Xunta de Galicia respecto do seu funcionamento e as previsións que ten verbo da mellora dos servizos

- 34680 (12/PRE-011276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre as denuncias ou queixas presentadas polas traballadoras do servizo de axuda no fogar nos últimos cinco anos, as súas razóns e as deficiencias detectadas pola Xunta de Galicia a través dos servizos de inspección

- 34685 (12/PRE-011277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a situación relativa á dotación de profesorado e persoal coidador do CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, de Noia, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

- 34696 (12/PRE-011278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o funcionamento dos centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual e a xestión da Xunta de Galicia sobre esta materia

- 34700 (12/PRE-011279)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre as necesidades de transporte público na Costa da Morte para mellorar a mobilidade do alumnado das etapas de ensino postobrigatorias e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

- 34706 (12/PRE-011280)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre a situación en que se atopan as infraestruturas do CEIP Virxe do Portal, de Sobrado, e as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dun proxecto de reforma integral do centro

- 34725 (12/PRE-011281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre o nivel de eficacia do dispositivo de extinción de incendios forestais en canto á vixilancia e á rapidez de resposta, así como sobre as melloras que prevé introducir a Xunta de Galicia nos seus protocolos e na súa dotación de recursos materiais e humanos

- 34734 (12/PRE-011282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto dunha maior flexibilización dos prazos para o cumprimento das obrigas fiscais coa Axencia Tributaria de Galicia por parte dos afectados polos incendios forestais deste verán de 2025



- 34741 (12/PRE-011283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria

Sobre o nivel de presenza da lingua galega nas escolas oficiais de idiomas e as previsións da Xunta de Galicia en canto á mellora da oferta formativa do galego nestes centros

- 34747 (12/PRE-011284)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre o impacto da seca en Galicia no verán de 2025, os criterios usados pola Xunta de Galicia na planificación dos recursos hídricos, singularmente no sector agrogandeiro, e as súas previsións cara ao futuro nesta materia

- 34751 (12/PRE-011285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da renovación da cuberta do pavillón do CPI da Cañiza

- 34757 (12/PRE-011286)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa execución das obras comprometidas para a rehabilitación da cuberta do patio do CPI Castro Baxoi, de Miño

- 34767 (12/PRE-011287)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a transparencia no emprego do mecanismo extraordinario das comisións de servizos como fórmula de cobertura de postos de traballo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as previsións do Goberno galego no que atinxe á priorización dos procedementos ordinarios

- 34779 (12/PRE-011288)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre os motivos polos que a TVG non cubriu a presentación pública de Lugo como cidade que acollerá a gala dos Premios Mestre Mateo de 2026

- 34787 (12/PRE-011289)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da posibilidade de exercer o dereito de tanteo e retracto sobre o pazo de Montesacro, en Cambados, incorporalo á tutela pública e evitar a súa perda como parte do patrimonio histórico galego

- 34793 (12/PRE-011290)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel



Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuidade e do recoñecemento da singularidade do mestrado de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela desde o curso 2026-2027, así como da vixencia do Decreto 222/2011

- 34805 (12/PRE-011291)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o nivel que acadaron as vendas de solo industrial a través de Xestur en 2024 e os plans previstos polo Goberno galego para mellorar a oferta, dinamizar o mercado do solo e captar novos proxectos empresariais e industriais

- 34816 (12/PRE-011292)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a situación en que está o transporte metropolitano en Ferrolterra e os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a adopción de medidas de mellora

- 34830 (12/PRE-011293)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre o funcionamento do modelo de integración do transporte escolar co transporte ordinario na comarca de Ferrolterra e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a súa mellora

- 34829 (12/PRE-011294)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en canto ao inicio da construción dun novo centro de saúde no concello de Poio para substituír o actual de Anafáns

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

Acordo da Mesa do Parlamento, do 30 de setembro de 2025, en relación co escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia polo que comunica a modificación da denominación do grupo, que pasa a denominarse Grupo Parlamentario Socialista de Galicia (doc. núm. 34702).

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de setembro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

Escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia polo que comunica a modificación da denominación do grupo, que pasa a denominarse Grupo Parlamentario Socialista de Galicia (doc. núm. 34702).



A Mesa tomou coñecemento do devandito escrito e acordou o seu traslado a Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior, ao Servizo de Tecnoloxías da Información e a súa publicación.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2025
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación dos acordos da Mesa do Parlamento do 17 de xuño de 2025 (BOPG 211, do 18.06.2025)

Advertido un erro material no extracto da proposición non de lei en comisión, doc. núm. 27164 (12/PNC-002552), publicada no *BOPG* núm. 211f1, do 18.06.2025), procédese á súa corrección nos seguintes termos:

No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 211f1, do 18 de xuño de 2025, nas páx. 89554 e 89568

Onde di:

«- 27164 (12/PNC-002552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego do remate do tramo central da senda peonil entre Outeiro da Orraca e Gundiás, no concello de Allariz, e outras intervencións para a seguridade viaria neste concello»

Debe dicir:

«- 27164 (12/PNC-002552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo co fin de mellorar o transporte público directo entre O Morrazo e os hospitais do Meixoeiro e o Álvaro Cunqueiro, de Vigo»

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2025
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a mellora da seguridade viaria na OU-540 no concello de Verea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A seguridade viaria constitúe un dereito fundamental dos cidadáns e unha obriga prioritaria das administracións públicas. En Galiza, como en todo o Estado, as estradas autonómicas son vías esenciais para a mobilidade, o desenvolvemento económico e a cohesión territorial. Sen embargo, algúns puntos da rede viaria galega presentan niveis de risco inaceptables que poñen en perigo a vida e a integridade física dos usuarios.

Un destes puntos negros é, sen dúbida, o cruce situado no Punto Quilométrico 31+885 da estrada autonómica OU-540, no lugar de Carballo, concello de Verea. Este cruce, onde conflúen a OU-540 coas estradas provinciais OU-0206 (estrada do Furriolo) e OU-0207 (estrada de Bangueses), así como dúas rúas municipais (Campo do Outeiro e o acceso á Praza de Manuel Nieto Rivero), presenta unha configuración e unha dinámica de tráfico que o converten nun punto de alto risco viario.

As evidencias acumuladas, tanto por parte do Concello de Verea como por informes técnicos e solicitudes veciñais, acreditan que este cruce non cumpre os estándares mínimos de seguridade. As situacións de perigo descritas son múltiples e reiteradas:

- Falta de visibilidade. As incorporacións dende a rúa Camiño da Igrexa, dende a *Praza Manuel Nieto Rivero e dende a estrada de Bangueses carecen da visibilidade





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

necesaria para que os condutores poidan xulgar a velocidade e a distancia dos vehículos que circulan pola OU-540, unha vía con tráfico intenso e velocidades elevadas.

- Confluencia de tráfico internacional: A OU-540 é un eixo de comunicación de carácter internacional que conecta coa fronteira portuguesa. Isto supón un tránsito constante de vehículos pesados, especialmente camións de gran tonelaxe procedentes de Portugal con destino a Xinzo de Limia e outras localidades. Estes vehículos, pola súa envergadura e inercia, requiren distancias de freada moito maiores e, ao non dispor de espazo suficiente para incorporarse, xeran un risco de colisión frontal por invasión do carril contrario.

- Deseño inadecuado para a demanda real: O cruce funciona como unha intersección a nivel sen regulación semafórica nin elementos de moderación de velocidade efectivos. A solución actual non contempla a complexidade dos movementos, que inclúen xiros, incorporacións e cruce de peóns.

- Sinistralidade, aínda que, ata a data, os accidentes rexistrados teñan sido de carácter leve, o Concello de Vereá advertiu desde abril de 2022 que esta circunstancia non minimiza a gravidade da situación, senón que debería constituír unha advertencia da posibilidade de accidentes de maior gravidade.

Ante esta situación, o Concello de Vereá actuou de xeito proactivo e responsable. O 27 de abril de 2022, durante o período de información pública do proxecto de acondicionamento da OU-540, presentou unha alegación técnica detallada na que non só identificaba os problemas, senón que propoñía unha **solución concreta, viable e fundamentada a construción dunha rotonda (glorieta).

A proposta municipal non foi unha suxestión xenérica, senón un proxecto pensado con criterios técnicos e que permitiría resolver os problemas fundamentais do



cruce, a circulación velocidade excesiva e a falta de visibilidade, obrigando a todos os vehículos a reducir a marcha e a ceder o paso de forma ordenada.

A resposta da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) foi decepcionante, pois sen deixar de recoñecer a perigosidade do cruce e a validez da proposta concelleira, a AXI opta por desestimar a súa inclusión dentro do proxecto de acondicionamento da OU-540, adiando sine die a solución ao constatado problema de seguridade viaria. A día de hoxe nada se sabe sobre a mellora da seguridade viaria solicitada.

Asemade, o Concello xa solicitara, en xaneiro de 2022, a instalación de sinalización luminosa (radares de información de velocidade) como medida paliativa de emerxencia. Solicitude, máis sinxela e de implementación rápida, que tampouco foi atendida ate o día de hoxe.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Recibiu a Xunta de Galiza algunha solicitude, directamente ou vía alegacións, para a adopción de medidas de seguridade na intersección do p.k. 31,885 da OU-540 na localidade de Carballo, no concello de Vereá?

No seu caso, cantas e en que datas?

Cal foi a resposta?

Que medidas adoptou a Xunta ou ten previsto adoptar, no seu caso en que prazo, para mellorar a seguridade viaria na referida intersección?

Coñece a Xunta de Galiza o número de sinistros, mesmo leves, que se produciron nos últimos 10 anos na contorna do p.k. 31,885 da OU-540?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/09/2025 9:17:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 34401
Data envío: 19/09/2025 09:19:03,382

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/09/2025 9:19:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 34401
Data envío: 19/09/2025 09:19:03,382

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á loita contra o furtivismo no sector do mar galego e á entrada de produtos do mar foráneos ilegais en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o comezo da profesionalización do marisqueo en Galiza, nos anos noventa, unha das preocupacións máis relevantes do sector foi a loita contra o furtivismo e dispoñer dos medios para tratar de erradicalo ou, cando menos, minimizalo o máximo posíbel, obxectivo no que coinciden co resto do sector do mar.

É evidente que a día de hoxe a actividade furtiva non desapareceu das nosas rías. Moi ao contrario, nos momentos de maior crise do sector marisqueiro é, precisamente, cando tamén parece incrementarse a actividade ilegal.

Así, malia que os controis e os decomisos de peixe e marisco furtivo aumentaron no que vai de ano con respecto ao 2024, a propia Consellaría de Mar, Gardacostas de Galiza e as confrarías tiveron que chamar á colaboración cidadá no seu combate contra o furtivismo este mesmo verán.

E tamén neste verán fomos coñecedores dun decomiso de máis de 7.000 quilos de ameixa xapónica contaminada e non apta para o consumo humano, extraída en Portugal e incautada en Huelva. Dende logo non é esta a primeira vez que se levan a cabo operacións deste tipo, mais a procedencia do marisco de zonas pechadas ao marisqueo debora acender todas as alarmas e debora poñer en garda a todos os axentes

Asinado o día 19/09/2025 ás
09:20
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

implicados en garantir tanto a orixe, a trazabilidade dos produtos pesqueiros e marisqueiros como todas as condicións sanitarias que deben cumprir antes de chegar aos consumidores e consumidoras.

A Galiza, por exemplo, tamén no verán de 2021 chegaran partidas de berberecho portugués contaminado que tiña como destino principal industrias conserveiras do noso país e que provocaran a activación do Sistema de Alerta Rápida para os Produtos Alimenticios e Pensos (RASFF) da Unión Europea.

Os precedentes dos que se pode botar man no caso de importación ilegal de marisco dende Portugal, contaminado ou non, son numerosos e nestes últimos anos, nos que a produtividade das rías galegas descendeu dun xeito dramático, as importacións doutros países, tamén de Portugal, medraron significativamente.

Nesta situación é, pois, máis importante ca nunca redobrar os esforzos contra o furtivismo e contra a importación de produtos do mar obtidos de xeito ilegal e en dubidasas condicións laborais e, sobre todo, sanitarias, máxime daqueles países veciños, como Portugal, que xa teñen detectado en múltiples ocasións unha actividade extractiva ilegal moi relevante.

Non en balde, a gravidade deste asunto chegou mesmo recentemente ao Parlamento portugués, onde se veñen de reclamar tamén medidas firmes e urxentes para frear a magnitude que xa adquiriu o furtivismo en determinadas zonas daquel país onde teñen detectado que a maioría dos produtos pesqueiros e marisqueiros ilegais destínanse á exportación.

Galiza, como país veciño de Portugal e con relacións en moitos e importantes ámbitos sociais, culturais e dende logo económicos, debера prestar especial atención ao diálogo e ao fomento da colaboración mutua tamén neste caso e adoptar as medidas que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fosen necesarias para reducir as consecuencias que a actividade ilegal na pesca e no marisqueo implican.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración lle merece ao Goberno galego o conxunto de accións que se levan a cabo por parte das distintas administracións no noso país para loitar contra a procedencia ilegal dos produtos do mar?

. Considera que os medios, humanos e orzamentarios, dos que dispón neste momento a Xunta de Galiza son suficientes como para tratar de erradicala ou, cando menos, paliála? Se non é así, como e cando se van tomar medidas para incrementalos?

. Que actuacións concretas vén levando a cabo nese ámbito, en solitario ou en colaboración con outras administracións e entidades?

. Mantén algún tipo de relación e de colaboración coas autoridades pesqueiras portuguesas para contribuír a solucionar o problema do tráfico de produtos do mar ilegais? De non ser así, cal é a razón?

. Considera que as medidas, propias e doutras administracións, no noso país para evitar a entrada de produtos do mar non aptos para o consumo humano son suficientes? De non ser así, que outras ten previsto levar a cabo?

. Valora que a cidadanía ten a información e a concienciación suficiente como para non contribuír a que os produtos furtivos do mar cheguen á súa casa? De non ser así, vai desenvolver algún tipo de campaña ou calquera outra medida para convertela en axente activo contra o furtivismo?

. Cales son as medidas existentes na actualidade para tratar de amparar e protexer os produtos galegos do mar fronte aos de procedencia foránea, legais ou non?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera necesaria a súa diferenciación clara para reverter en maiores beneficios dos produtores e dos propios consumidores e consumidoras? De ser así, que medidas está a desenvolver ao respecto?

. Considera que o Goberno galego debe priorizar e dar a máxima preferencia á promoción dos produtos galegos do mar? De ser así, que medidas está a levar a cabo e que investimentos concretos está a realizar ao respecto? e que investimentos está a realizar?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 19/09/2025 9:20:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 34406
Data envío: 19/09/2025 09:23:06,782

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 34406
Data envío: 19/09/2025 09:23:06,782

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/09/2025 9:23:07

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 12:09:59
Nº Rexistro: 34414
Data envío: 19/09/2025 12:09:59.112

Asinado o día 19/09/2025 ás 11:23
Por Elena Espinosa N

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Santiago de Compostela é, desde a aprobación da Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, a capital política e institucional da nosa Comunidade Autónoma. Esa condición, recoñecida legalmente, comporta responsabilidades e custos adicionais aos que debe facer fronte o Concello, derivados de acoller a Presidencia da Xunta, o Parlamento de Galicia, numerosas consellarías, organismos autonómicos e múltiples actos oficiais de relevancia autonómica, estatal e internacional.

Asinado o día 19/09/2025 ás 11:22
Por Patricia Iglesias Rey

Ao mesmo tempo, Santiago constitúe un polo cultural, universitario e turístico de primeiro nivel, que recibe cada ano millóns de visitantes. Esta realidade supón unha poboación flotante moi superior á oficial, o que incrementa de maneira notable a presión sobre servizos esenciais como a seguridade, a limpeza, o transporte, a mobilidade urbana ou a conservación dun patrimonio histórico-artístico único, declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Con todo, a achega económica que a Xunta de Galicia destina a Santiago de Compostela pola súa capitalidade leva anos conxelada de facto, atopándose actualmente nos 2,6 millóns de euros, sen responder nin ao incremento dos custos dos servizos nin ás necesidades reais derivadas da singularidade da cidade como capital de Galicia.

Asinado o día 19/09/2025 ás 11:22
Por Aitor Bouza Manso

Desde hai tempo, o PSdeG vén reclamando reiteradamente un incremento desta achega, subliñando a necesidade de avanzar cara a unha dotación máis

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

121361

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 12:09:59
Nº Rexistro: 34414
Data envío: 19/09/2025 12:09:59.112

xusta, estable e proporcional ás obrigas que Santiago de Compostela soporta como sede institucional da Comunidade Autónoma.

Cómpre lembrar que o artigo 28 da citada Lei establece expresamente que *“a condición de capital de Galicia da cidade de Santiago de Compostela terá un apartado específico nos orzamentos da Comunidade Autónoma. Para tal fin, antes da elaboración do proxecto de lei de orzamentos, o Consello da Capitalidade poderá emitir o correspondente informe”*. É, polo tanto, unha obriga legal que a capitalidade conte cunha partida propia e suficiente nos orzamentos da Xunta, de maneira que o seu importe se axuste ás necesidades reais da cidade e ao cumprimento efectivo do mandato normativo.

En consecuencia, resulta imprescindible que nos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2026 se produza un incremento significativo da contía destinada á capitalidade, situándoa nun nivel acorde coa realidade e coas responsabilidades que Santiago de Compostela desempeña como capital de Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia suficiente a actual contía destinada á capitalidade de Santiago de Compostela, mantida no presente ano nos 2,6 millóns de euros anuais?
2. En caso afirmativo, ten algún informe que sustente esta consideración?

Santiago de Compostela, a 19 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

121362

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/09/2025 11:22:48

Patricia Iglesias Rey na data 19/09/2025 11:22:55

Elena Espinosa Mangana na data 19/09/2025 11:23:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 12:09:59
Nº Rexistro: 34414
Data envío: 19/09/2025 12:09:59.112

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/09/2025 12:10:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 12:09:59
Nº Rexistro: 34414
Data envío: 19/09/2025 12:09:59.112

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 12:12:31
Nº Rexistro: 34418
Data envío: 19/09/2025 12:12:31.436

Asinado o día 19/09/2025 ás 11:23
Por Elena Espinosa N

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Santiago de Compostela é, desde a aprobación da Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, a capital política e institucional da nosa Comunidade Autónoma. Esa condición, recoñecida legalmente, comporta responsabilidades e custos adicionais aos que debe facer fronte o Concello, derivados de acoller a Presidencia da Xunta, o Parlamento de Galicia, numerosas consellarías, organismos autonómicos e múltiples actos oficiais de relevancia autonómica, estatal e internacional.

Asinado o día 19/09/2025 ás 11:23
Por Patricia Iglesias Rey

Ao mesmo tempo, Santiago constitúe un polo cultural, universitario e turístico de primeiro nivel, que recibe cada ano millóns de visitantes. Esta realidade supón unha poboación flotante moi superior á oficial, o que incrementa de maneira notable a presión sobre servizos esenciais como a seguridade, a limpeza, o transporte, a mobilidade urbana ou a conservación dun patrimonio histórico-artístico único, declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Con todo, a achega económica que a Xunta de Galicia destina a Santiago de Compostela pola súa capitalidade leva anos conxelada de facto, atopándose actualmente nos 2,6 millóns de euros, sen responder nin ao incremento dos custos dos servizos nin ás necesidades reais derivadas da singularidade da cidade como capital de Galicia.

Asinado o día 19/09/2025 ás 11:23
Por Aitor Bouza Manso

Desde hai tempo, o PSdeG vén reclamando reiteradamente un incremento desta achega, subliñando a necesidade de avanzar cara a unha dotación máis

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

121365

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 12:12:31
Nº Rexistro: 34418
Data envío: 19/09/2025 12:12:31.436

xusta, estable e proporcional ás obrigas que Santiago de Compostela soporta como sede institucional da Comunidade Autónoma.

Cómpre lembrar que o artigo 28 da citada Lei establece expresamente que *“a condición de capital de Galicia da cidade de Santiago de Compostela terá un apartado específico nos orzamentos da Comunidade Autónoma. Para tal fin, antes da elaboración do proxecto de lei de orzamentos, o Consello da Capitalidade poderá emitir o correspondente informe”*. É, polo tanto, unha obriga legal que a capitalidade conte cunha partida propia e suficiente nos orzamentos da Xunta, de maneira que o seu importe se axuste ás necesidades reais da cidade e ao cumprimento efectivo do mandato normativo.

En consecuencia, resulta imprescindible que nos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2026 se produza un incremento significativo da contía destinada á capitalidade, situándoa nun nivel acorde coa realidade e coas responsabilidades que Santiago de Compostela desempeña como capital de Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o Goberno galego incrementar a partida de capitalidade nos Orzamentos de 2026, atendendo ás demandas sociais e institucionais que reclaman situar a contía en, polo menos, 7 millóns de euros?
2. En caso negativo, cales son os motivos que fundamentan esta decisión?

Santiago de Compostela, a 19 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

121366

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/09/2025 11:23:10

Patricia Iglesias Rey na data 19/09/2025 11:23:18

Elena Espinosa Mangana na data 19/09/2025 11:23:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 12:12:31
Nº Rexistro: 34418
Data envío: 19/09/2025 12:12:31.436

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 12:12:31
Nº Rexistro: 34418
Data envío: 19/09/2025 12:12:31.436

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/09/2025 12:12:32

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as obras do IES Lucus Augusti.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Lucus Augusti, centro histórico de referencia en Galicia, é o centro máis antigo de Galiza cunha relevancia histórica e social en Lugo e toda Galiza e un símbolo do ensino público, situado nun edificio protexido como patrimonio e que acolle un importante legado cultural -museo, coleccións, biblioteca e arquivo histórico.

No centro realizaron obras de rehabilitación durante o curso 2024/25 onde as actuacións desenvolvidas non respectaron nin o valor patrimonial do instituto nin as condicións necesarias para garantir a normal actividade docente. Entre as principais deficiencias:

- Non se protexeron adecuadamente os libros, os mobles históricos nin as estancias patrimoniais.
- Non se retiraron os materiais valiosos a lugares seguros nin se protexeron correctamente aqueles que permaneceron in situ.
- A realización dos traballos coincidindo co curso escolar resultou un erro grave, xerando incomodidades e prexuízos para toda a comunidade educativa.

Asinado o día 19/09/2025 ás
12:59
Por Montserrat Valcárcel Armesto





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A situación actual, tras un curso enteiro de obras, é unha situación dunha rehabilitación incompleta:

- Ausencia de internet na zona da biblioteca, sala do profesorado, administración e conserxería.
- Inexistencia de liña telefónica en todo o centro
- Aulas sen portas e cableado á vista, con risco evidente.
- Reparacións incompletas e defectuosas.
- Acumulación de suciedade xeneralizada por unha limpeza de obra deficiente.
- Ferramentas e materiais de obra almacenados en espazos necesarios para o uso do centro.
- Instalación incompleta das pantallas dixitais.
- Espazos fundamentais inutilizados: biblioteca, servizos do alumnado da segunda planta, sala do profesorado, salón de actos, sala de xuntas e zonas de recepción de familias.
- Multitude de actuacións sen rematar, que transmiten a sensación de que todo está a medio facer e nada rematado

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que medidas pensa adoptar a Consellería de Educación para rematar, con urxencia e garantías, as obras de rehabilitación do IES Lucas Augusti?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

-Vai garantir a Consellería que se restitúan todos os servizos básicos interrompidos (internet, telefonía, espazos principais...)?

-Ten previsto reparar as deficiencias sinaladas (aulas sen portas, cableado á vista, limpeza, protección do patrimonio, almacenamento de materiais de obra, instalación das pantallas dixitais...)?

-Vai garantir que se recupere o uso ordinario de todos os espazos fundamentais para a actividade educativa (biblioteca, salón de actos, sala de profesorado, etc.)?

-Que protocolos e garantías ofrece a Xunta para asegurar a protección efectiva do patrimonio histórico e cultural que alberga o IES Lucus Augusti en calquera nova actuación ou intervención futura no centro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/09/2025 12:59:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 13:00:04
Nº Rexistro: 34425
Data envío: 19/09/2025 13:00:04.462

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/09/2025 13:00:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2025 13:00:04
Nº Rexistro: 34425
Data envío: 19/09/2025 13:00:04.462

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a restitución inmediata da segunda liña de 4º de Primaria no CEIP Carrasqueira e a reposición do posto docente suprimido.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional vén de recortar unha liña no curso de 4 de Educación Primaria, incumprindo o establecido na norma. No curso anterior, estes mesmos alumnos cursaban 3º de primaria con 2 liñas de 11 alumnos en cada unha delas , mais neste novo curso 2025-2026 a Xunta vén de acumulalos nunha única liña pasando a contar con 23 alumnos nunha soa aula, xa que aos 22 do ano anterior súmase unha nova incorporación. A isto hai que sumarlle que un dos alumnos ten NEAE cun 33% recoñecido, polo que en total se trata de 24 alumnos computables segundo as propias normas da Consellería.

Esta decisión por parte da Consellería vai en contra do establecido na Resolución de 10 de xaneiro de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que no seu punto 2.1.2. establece:

2.1.2. Non obstante, aquelas aulas que ao inicio da aplicación progresiva desta redución de ratios teñan entre 20 e 25 alumnos/as, non verán incrementado o seu número de alumnos/as reais en toda a duración do período de aplicación respecto do número real que tivesen no curso anterior.

Asinado o día 22/09/2025 ás
10:50
Por Alexandra Fernández Gómez





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Unha postura que ven consolidada na Lei 5/2024 de 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas que no seu punto 40 establece:

4. Non verán incrementado o seu número de alumnos/as reais respecto do número real que tivesen no curso anterior en toda a duración do período de aplicación do calendario indicado no número 1 aquelas aulas ás que aínda non lles sexa aplicable a redución de ratios segundo o calendario establecido. Exceptúanse desta regra os casos derivados das necesidades de escolarización de alumnado ou outros supostos apreciados pola Administración educativa.

5. Mentres non se aplica a redución de ratios segundo o calendario establecido no número 1, nas etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato non se realizarán supresións de unidades naqueles centros en que, como consecuencia da diminución de alumnado, proceda efectuar unha supresión cos límites vixentes no curso académico correspondente pero non proceda coas ratios de 20 alumnos/as en educación infantil e educación primaria, 25 alumnos/as en educación secundaria obrigatoria e 30 alumnos/as en bacharelato.

Por tanto a Consellería está a inclumpir os seus propios compromisos ao xuntar nunha mesma aula un curso con ratio de 24 alumnos, cando o curso anterior tiñan 2 liñas. Esta decisión demostra ademais a nula vontade da Xunta de camiñar cara unha redución de ratios e reforzo do ensino público, cando ao tempo que fai anuncios as súas decisión van na liña contraria.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Xunta de Galiza a restituír a segunda liña de 4º de Primaria no CEIP Carrasqueira?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Vai a Xunta repor de forma inmediata o docente suprimido?
- Considera a Xunta de Galiza que se vulnera a lexislación neste caso?
- Con que criterios adoptou esta decisión a Xunta?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 22/09/2025 10:50:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 10:52:25
Nº Rexistro: 34455
Data envío: 22/09/2025 10:52:25.609

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 10:52:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 10:52:25
Nº Rexistro: 34455
Data envío: 22/09/2025 10:52:25.609

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o grande incendio que afectou no mes de setembro os municipios de Pantón e Sober.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un grande incendio forestal afectou de maneira moi seria dous municipio do sur de Lugo: Pantón e Sober. Segundo algúns medios, apúntase á posibilidade de teren ardido até 3.000 hectáreas de terreo nas zonas dos Canóns do Sil, dun altísimo valor e unha das zonas máis emblemáticas de toda a Ribeira Sacra. A noite do 19 ao 20 de setembro de 2025 foi especialmente dura para a veciñanza, principalmente no termo municipal de Pantón. Concretamente no núcleo de poboación de Budián, onde arderon casas, algunhas mesmo en perfectas condicións, as veciñas e veciños definiron o acontecido como “pesadelo”.

A veciñanza que loitou contra o lume até o último momento, tentou desesperadamente salvar os seus alpendres en moitos casos sen éxito. Despois de estaren cercados durante horas, finalmente non houbo que lamentar perdas humanas, afortunadamente. Cibrisqueiros, Frontón, Budián, Souto e Abelairas foron as aldeas gravemente afectadas e evacuadas en Pantón, mentres que en Sober os núcleos evacuados foron os de Barrios de Rosende e A Barca. Ao longo da mañá do sábado día 20 a zona de Santiago de Cangas foi unha das máis afectadas.

Asinado o día 22/09/2025 ás
11:03
Por Iago Suárez Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Será altamente difícil recuperar todo o que se perdeu nestes núcleos de poboación, nalgúns casos será directamente imposíbel. O que se evidencia após todo o acontecido nestes dous concellos é a necesidade imperante da prevención e ordenación rigorosa do territorio para que a Ribeira Sacra, que aspira a ser patrimonio da humanidade, non arda. Unha prevención e unha ordenación que, como é obvio, fallou. Exiximos do Goberno galego que actúe conforme as súas competencias e faga o posíbel por prever no futuro incendios destas características.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que avaliación fai a Xunta do incendio que afectou os concellos de Pantón e Sober no mes de setembro?
- Como avalía a Xunta o despregamento de medios para a extinción do incendio?
- Que resposta dá ás familias e persoas que perderon bens materiais após sufriren o incendio?
- Que medidas de prevención de lumes forestais levará a cabo o goberno galego no territorio que comprende a Ribeira Sacra?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 22/09/2025 11:03:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 11:11:47
Nº Rexistro: 34462
Data envío: 22/09/2025 11:11:47,356

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 11:11:47
Nº Rexistro: 34462
Data envío: 22/09/2025 11:11:47,356

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 11:11:47

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de medidas para conter e paliar os efectos que están a ter as ouxas nos bancos e sobre o sector marisqueiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de anos de advertencias e de solicitude de medidas por parte do sector do mar, principalmente do sector marisqueiro, a Consellaría de Mar recoñeceu, xa no ano 2021, que a poboación de ouxas estaba fóra de control.

A daquela directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro anunciara que a Consellaría viña de encargar a elaboración dun estudo integral sobre a aguiña mariña ou ouxa que puidera permitir declarar esta especie como non controlada. Deste xeito, poderíase solicitar á Unión Europea un plan de control da poboación que ouxas no que se incluíse a súa retirada do medio.

En 2022 anunciouse outro estudo, neste caso da OPP-89 (Organización de Produtores Parquistas de Carril), que se levaría a cabo no propio 2022, no 2023 e no 2024, coa colaboración da Universidade de Santiago e que tería por obxecto elaborar un protocolo de traballo para minimizar os efectos das especies depredadoras nos parques de Carril, desenvolvendo un programa de prevención e protección de depredadores nos parques. Nesas especies, entre outras, incluíase a ouxa.

Ao longo do ano 2024, foron moitas confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores as que se fixeron eco da abundancia de ouxas nos bancos marisqueiros e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos estragos que estaban a causar. Nun ano, precisamente, onde se resentían aínda de varios episodios continuados de fortes choivas e riadas que xa influíran de maneira importante na merma de produción e provocaran unha grave crise no sector. Ninguén, a esa altura, se explicaba xa a falta de pasos por parte da Administración pesqueira galega para tentar manter baixo control aos depredadores de marisco en xeral e á ouxa en particular.

Finalmente, diante da presión do sector, rematando o ano transcende que o CETMAR comezara un estudo sobre as ouxas, tentando atopar unha solución científica para o que xa se cualificaba como praga que afecta, especialmente, á ría de Arousa, mais non só, xa que as rías de Pontevedra e Vigo tamén son damnificadas.

A primeiros deste mesmo ano anúnciase outro estudo, neste caso liderado polo CIMA e onde tamén colabora o CETMAR e a Federación Galega de Confrarías. Un proxecto que busca “incrementar o coñecemento sobre a presenza da ouxa”.

E dende esta primavera, as queixas das confrarías, sobre todo da ría de Arousa, sobre a presenza de ouxas, volven ser reiteradas. Tanto é así, que as mariscadoras e mariscadores de Carril fan de bancos arrasados e piden, por enésima vez, vías de solución, despois de que a Consellaría lles negase a posibilidade de colocar redes coas que evitar a entrada das ouxas nos parques. E, precisamente, parece que esta negativa está baseada en que se están a levar a cabo estudos por parte de distintos organismos de investigación.

En realidade, a Consellaría comezou a facer estudos sobre as ouxas e outros depredadores de bivalvos no 2007. Moitos deles, como o que anunciou no 2021, sen que se coñezan os seus resultados e, polo tanto, as súas propostas concretas para tratar de frear a invasión de ouxas nas rías, particularmente na de Arousa. Polo tanto, o sector marisqueiro padece dende hai preto de vinte anos unha demora e unha inacción inxustificábeis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que valoración fai o Goberno galego das súas propias accións de loita e control das especies depredadoras de bivalvos nas rías galegas?
- . Que valoración fai dos danos que están a causar esas especies, nomeadamente a ouxa, nos bancos marisqueiros?
- . Cales foron as conclusións dos distintos estudos levados a cabo ao respecto?
- . Levouse a cabo o estudo anunciado no 2021. De ser así, cales foron as súas conclusións?
- . Que accións ten levado a cabo nestes anos diante doutras administracións para declarar a ouxa como especie non controlada e, polo tanto, para que se permita retiralas do medio?
- . En que prazo ten previsto rematar o estudo que se anunciou a finais de 2024?
- . Mentres non se rematan os estudos que se están a levar a cabo, que medidas ten previsto levar a cabo para conter a poboación de ouxas?
- . Mentres non se rematan os estudos que se están a levar a cabo, que medidas ten previsto levar a cabo para paliar os efectos que xa están a ter as ouxas nos bancos marisqueiros das rías e nomeadamente no sector marisqueiro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/09/2025 11:19:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 11:21:56
Nº Rexistro: 34467
Data envío: 22/09/2025 11:21:56.842

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 11:21:56
Nº Rexistro: 34467
Data envío: 22/09/2025 11:21:56.842

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 11:21:57

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 12:44:08
Nº Rexistro: 34474
Data envío: 22/09/2025 12:44:08,354

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O transporte ferroviario de proximidade constitúe un servizo público esencial para garantir a mobilidade sostible, a cohesión territorial, o desconxestionamento do tráfico, a eficiencia enerxética e a loita contra o cambio climático.

Galicia é hoxe una das comunidades autónomas que carece dunha rede de servizos de proximidade plenamente operativa, o que limita a conexión entre áreas metropolitanas, comarcas e zonas rurais, así como o acceso diario da cidadanía aos servizos, ao emprego, á educación e á atención sanitaria.

O Ministerio de Transportes anunciou a elaboración dun estudo de viabilidade para a implantación de proximidade en Galicia, con prazos previstos para os próximos meses.

Esta iniciativa supón un avance significativo e dá resposta a unha demanda histórica da poboación galega. Para que o devandito plan sexa eficaz e teña impacto real, é imprescindible a colaboración activa de todas as administracións: estatal, Xunta de Galicia, locais; así como a implicación do ADIF, RENFE, e outros organismos competentes. É necesario que o plan inclúa prazos concretos, dotación orzamentaria suficiente, participación pública transparente, melloras na infraestrutura ferroviaria existente, adecuación de paradas e estacións, material rodante moderno, frecuencias adaptadas ás necesidades reais, integración tarifaria e billete único con outros modos de transporte público. Xa se produciron iniciativas municipais por parte do PSOE

Asinado o día 22/09/2025 ás
12:41
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 22/09/2025 ás
12:41
Por Carlos López Font

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

121388

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 12:44:08
Nº Rexistro: 34474
Data envío: 22/09/2025 12:44:08,354

para potenciar o futuro servizo de proximidade en áreas metropolitanas como Vigo Pontevedra, Vilagarcía etc., así como propostas para estender liñas de proximidade nos corredores máis poboados do litoral galego.

Ante esta situación, os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Vai o Goberno galego asumir as súas competencias en materia ferroviaria, mobilidade e planificación territorial, e colaborar co Goberno de España para que o proxecto dea cobertura ás necesidades locais?
2. Vai o Goberno galego establecer as partidas orzamentarias suficientes para asegurar a correcta execución deste proxecto.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

121389

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 22/09/2025 12:41:32

Aitor Bouza Manso na data 22/09/2025 12:41:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 12:44:08
Nº Rexistro: 34474
Data envío: 22/09/2025 12:44:08,354

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 12:44:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 12:44:08
Nº Rexistro: 34474
Data envío: 22/09/2025 12:44:08,354

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 13:15:09
Nº Rexistro: 34480
Data envío: 22/09/2025 13:15:09.917

Asinado o día 22/09/2025 ás 13:12
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Asinado o día 22/09/2025 ás 13:12
Por Patricia Iglesias Rey

Neste contexto xeral, o CEIP Quiroga Palacios de Santiago de Compostela leva anos demandando melloras nas súas instalacións debido ao crecemento da súa matrícula e á evidente falta de espazo para atender en condicións dignas ao conxunto do alumnado. A propia comunidade educativa leva tempo reclamando á Xunta de Galicia unha resposta que dea solución a unha situación que repercute directamente na calidade do ensino e na conciliación das familias.

O CEIP Quiroga Palacios arrastra desde hai anos graves deficiencias derivadas da falta de espazo: aulas saturadas, un patio reducido que dificulta a convivencia do alumnado nos recreos e unha insuficiencia das instalacións para dar resposta ao crecemento da matrícula. O centro precisa novos espazos, así como melloras nas dotacións actuais, pois a situación actual non permite atender en condicións dignas ao conxunto do alumnado. Estas demandas levan anos sendo trasladadas pola comunidade educativa á Xunta

Asinado o día 22/09/2025 ás 13:12
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

121392

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 13:15:09
Nº Rexistro: 34480
Data envío: 22/09/2025 13:15:09.917

sen que ata o de agora se dera unha resposta efectiva, o que limita a calidade educativa e condiciona a organización interna do colexio.

Trátase dun centro educativo de referencia en Compostela que precisa dunha resposta inmediata e planificada para continuar garantindo un ensino público de calidade, nun barrio en constante crecemento e con alta demanda escolar.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pensa a Xunta de Galicia levar a cabo a ampliación do CEIP Quiroga Palacio de acordo coas demandas realizadas pola comunidade educativa?
2. Cal é o estado actual do proxecto de ampliación do CEIP Quiroga Palacios?
3. Que prazos manexa a Consellería de Educación para a licitación e execución das obras?
4. Que importe concreto se prevé consignar nos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2026 destinado a este proxecto?
5. Prevese dotar provisionalmente de máis recursos humanos ou materiais ao centro mentres non se executa a ampliación?

Santiago de Compostela, a 22 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

121393

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 22/09/2025 13:12:25

Patricia Iglesias Rey na data 22/09/2025 13:12:32

Silvia Longueira Castro na data 22/09/2025 13:12:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 13:15:09
Nº Rexistro: 34480
Data envío: 22/09/2025 13:15:09.917

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 13:15:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 13:15:09
Nº Rexistro: 34480
Data envío: 22/09/2025 13:15:09.917

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 13:16:06
Nº Rexistro: 34483
Data envío: 22/09/2025 13:16:06.664

Asinado o día 22/09/2025 ás 13:12
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Asinado o día 22/09/2025 ás 13:12
Por Patricia Iglesias Rey

Neste contexto xeral, o CEIP Quiroga Palacios de Santiago de Compostela leva anos demandando melloras nas súas instalacións debido ao crecemento da súa matrícula e á evidente falta de espazo para atender en condicións dignas ao conxunto do alumnado. A propia comunidade educativa leva tempo reclamando á Xunta de Galicia unha resposta que dea solución a unha situación que repercute directamente na calidade do ensino e na conciliación das familias.

O CEIP Quiroga Palacios arrastra desde hai anos graves deficiencias derivadas da falta de espazo: aulas saturadas, un patio reducido que dificulta a convivencia do alumnado nos recreos e unha insuficiencia das instalacións para dar resposta ao crecemento da matrícula. O centro precisa novos espazos, así como melloras nas dotacións actuais, pois a situación actual non permite atender en condicións dignas ao conxunto do alumnado. Estas demandas levan anos sendo trasladadas pola comunidade educativa á Xunta

Asinado o día 22/09/2025 ás 13:12
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

121396

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 13:16:06
Nº Rexistro: 34483
Data envío: 22/09/2025 13:16:06.664

sen que ata o de agora se dera unha resposta efectiva, o que limita a calidade educativa e condiciona a organización interna do colexio.

Trátase dun centro educativo de referencia en Compostela que precisa dunha resposta inmediata e planificada para continuar garantindo un ensino público de calidade, nun barrio en constante crecemento e con alta demanda escolar.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o motivo para que a Xunta de Galicia non teña respondido as demandas da comunidade educativa do CEIP Quiroga Palacios realizadas por escrito neste pasado verán?
2. Pensa o Goberno galego manter informada de maneira periódica á comunidade educativa sobre os avances do proxecto, tanto no proceso de redacción como na súa execución? En caso afirmativo, de que forma?

Santiago de Compostela, a 22 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

121397

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 22/09/2025 13:12:46

Patricia Iglesias Rey na data 22/09/2025 13:12:54

Silvia Longueira Castro na data 22/09/2025 13:12:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 13:16:06
Nº Rexistro: 34483
Data envío: 22/09/2025 13:16:06.664

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 13:16:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 13:16:06
Nº Rexistro: 34483
Data envío: 22/09/2025 13:16:06.664

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas para frear a merma da calidade educativa no concello de Moaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos as políticas aplicadas pola Xunta de Galiza do PP en materia de ensino están a promover un modelo educativo máis desigual, cunha perda de calidade importante e desatendendo a igualdade de oportunidades mediante a aplicación sucesiva de recortes orzamentarios no ensino público. Ao mesmo tempo, o goberno galego continúa incrementando os orzamentos destinados ao ensino privado concertado cun incremento de 13 millóns de euros no 2025 respecto do ano anterior.

Durante o mes de xullo de 2025 a Consellería de Educación tomou de forma unilateral múltiples decisións que profundan na erosión da calidade do ensino público moañés. Así pois, atopámonos con recortes de profesorado en varios centros de ensino.

O CEIP Plurilingüe de Reibón solicitou unha praza de profesorado acreditado para impartir clases de inglés para este curso, porén a Consellería asignoulle media xornada de mestre/a da categoría afíns, o que significa que non ten a especialidade en lingua inglesa. Isto supón que o centro non pode impartir as materias en inglés comprometidas no programa de centros plurilingües.

Esta situación súmase a unha redución constante de persoal nos últimos anos que deixa o equipo docente ao límite con 31 mestres e mestras para atender a un centro con

Asinado o día 22/09/2025 ás
13:40
Por Paulo Ríos Santomé





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

330 alumnos e alumnas, e que cada vez contan con máis alumnado con necesidades de apoio específico.

Ademais desta problemática que afecta a docencia plurilingüe en Reibón, varios centros de ensino sofren recortes de profesorado para a atención á diversidade. Isto tradúcese na redución de profesorado de apoio para alumnado con necesidades especiais.

No caso de que se superen as ratios establecidas por aulas, existe un acordo coa Consellería de Educación para dotar de profesorado de apoio nesa aula, acordo que se está a incumprir xa que existen varios centros nos que se superan a ratio de 25 alumnos por contar con alumnado con necesidades especiais e non se lles dota de persoal de apoio, como é o caso do CEIP Quintela, do CEIP P. Reibón e do CEIP Seara. Desta forma, a Consellería de Educación incumpre un compromiso adoptado e, por tanto, nega a atención e apoio á diversidade que moitas crianzas precisan.

A isto hai que engadir outras situacións de perda da calidade na ensinanza pública, como no CEIP Seara que xa contaba co profesorado de AL compartido co CEIP Quintela e agora, ademais, teñen que compartilo coa EEI de Verducedo. A maiores este centro ten o apoio de profesorado en lingua inglesa compartido coa EEI de Verducedo, sendo insuficiente para atender as necesidades do centro, xa que a mestra de inglés asume na actualidade as labores de dirección do mesmo.

Do mesmo xeito na EEI de Verducedo, contan agora con dúas mestras, sendo unha delas a directora do centro que ten que compatibilizar neste curso as labores de mestra e dirección do centro.

A nivel de secundaria, o IES As Barxas no mes de xullo recibiu a comunicación de que se eliminaba unha praza de docente alegando a perda dunha liña de 3º da ESO, aínda que en bacharelato viron aumentada a matrícula respecto ao curso anterior. A eliminación dunha praza redonda na calidade do ensino no centro xa que contan cun docente menos



para todo o centro o que suporá un detrimento na atención ao alumnado con necesidades de atención especial, sobre todo, nos primeiros cursos da ESO.

No IES Plurilingüe Paralaia perden tamén unha praza de docente pola eliminación dunha liña de 4º da ESO, ademais da perda dunha praza de profesorado para ensinanzas de persoas adultas, xustificado polos datos de matrícula rexistrados, porén isto ten unha claras consecuencias na atención á diversidade a efectos de dotar de persoal de reforzo nos centros.

Nas etapas de infantil e primaria estase constatando nos últimos dous anos que se está a contratar profesorado en precario a través do financiamento de fondos europeos como MEGA ou PROA+. Para isto a Consellería de Educación non realiza ningún desenvolvemento económico para dotar de máis persoal docente, polo que o número de profesorado é igual que nos últimos catro anos.

En definitiva, estase a producir un aumento das medias xornadas de profesorado e un aumento das itinerancias entre centros que comparten profesorado, así como aumento do recurso a categoría de profesorado afín para a impartición de materias específicas.

A todo isto hai que engadir que non se cumpren os compromisos adquiridos por Educación en relación aos ratios do alumnado e que a redución de horas lectivas do profesorado non vai acompañada de dotación de persoal necesario que poida dedicarse ao desenvolvemento de proxectos do centro, moitos deles impulsados pola Xunta de Galiza, realización de titorías ou reunións, situación que interfere de forma moi negativa no brillante traballo dos centros educativos de Moaña.

Todas estas decisións, que condicionan a calidade do ensino público moañoés, responden a unha visión economicista do ensino. Están, ademais, baseadas en datos numéricos puntuais (número de alumnado matriculado no curso) e non teñen en conta as necesidades de atención á diversidade do alumnado dos mesmos.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Unha vez máis a decisión de supresión é unilateral, extemporánea e precipitada. Foi comunicada no mes de xullo cando xa rematou o período de matrícula e a comunidade educativa se atopa de vacacións. Se se tivese coñecemento da mesma durante o curso poderíanse ter buscado solucións consensuadas coa comunidade educativa. E cabe engadir que moitos dos centros afectados estiveron neste período sen inspector asignado polo que a comunicación coa Consellería de Educación para trasladar as demandas dos centros viuse mermada, xerando maior desinformación.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o estado actual, o número de profesionais e a atención que están a recibir os alumnos e alumnas dos diferentes centros de ensino no Concello de Moaña?

. É prioritaria, para a Xunta de Galiza, a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais?

. Estase atendendo den xeito correcto as necesidades especiais e a diversidade nas aulas nos centros de ensino no Concello de Moaña?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 22/09/2025 13:40:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 13:41:42
Nº Rexistro: 34492
Data envío: 22/09/2025 13:41:42.896

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 13:41:42
Nº Rexistro: 34492
Data envío: 22/09/2025 13:41:42.896

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 13:41:43

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34497
Data envío: 22/09/2025 15:40:55,218

Asinado o día 22/09/2025 ás 15:36
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Asinado o día 22/09/2025 ás 15:36
Por Patricia Iglesias Rey

O CEIP Raíña Fabiola de Santiago de Compostela é un centro que conta con máis de 200 alumnos e alumnas matriculados. Trátase dun colexio cunha demanda crecente de servizo de comedor escolar, que no pasado curso escolar chegou a atender a un centenar de estudantes.

Na actualidade, o espazo destinado a comedor son dúas aulas do propio centro, claramente insuficientes para dar resposta a esta necesidade educativa e social, fundamental para a conciliación das familias.

Xa existe unha proposta de ampliación do comedor. A solución pasaría por situar o novo espazo de comedor pegado ao pavillón existente, proposta que conta co respaldo da comunidade educativa.

Asinado o día 22/09/2025 ás 15:36
Por Aitor Bouza Manso

Trátase dun centro educativo de referencia en Compostela que precisa dunha resposta inmediata e planificada para continuar garantindo un ensino público de calidade, nun barrio en constante crecemento e con alta demanda escolar.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

121406

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34497
Data envío: 22/09/2025 15:40:55.218

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia aprobar a proposta de ampliación do comedor escolar do CEIP Raíña Fabiola, tal e como demanda a comunidade educativa do centro?
2. En caso afirmativo, cal é o calendario concreto que manexa a Consellería de Educación para a execución desta obra?
3. Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia, mentres non se executa a ampliación, para asegurar unhas condicións axeitadas de capacidade e seguridade no servizo de comedor escolar do CEIP Raíña Fabiola?
4. Pensa o Goberno galego manter informada de maneira periódica á comunidade educativa sobre os avances do proxecto, tanto no proceso de redacción como na súa execución? En caso afirmativo, de que forma?

Santiago de Compostela, a 22 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

121407

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 22/09/2025 15:36:27

Patricia Iglesias Rey na data 22/09/2025 15:36:36

Silvia Longueira Castro na data 22/09/2025 15:36:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34497
Data envío: 22/09/2025 15:40:55.218

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34497
Data envío: 22/09/2025 15:40:55,218

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 15:40:55

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34500
Data envío: 22/09/2025 15:41:45,701

Asinado o día 22/09/2025 ás 15:36
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Asinado o día 22/09/2025 ás 15:36
Por Patricia Iglesias Rey

O CEIP Raíña Fabiola de Santiago de Compostela é un centro que conta con máis de 200 alumnos e alumnas matriculados. Trátase dun colexio cunha demanda crecente de servizo de comedor escolar, que no pasado curso escolar chegou a atender a un centenar de estudantes.

Na actualidade, o espazo destinado a comedor son dúas aulas do propio centro, claramente insuficientes para dar resposta a esta necesidade educativa e social, fundamental para a conciliación das familias.

Xa existe unha proposta de ampliación do comedor. A solución pasaría por situar o novo espazo de comedor pegado ao pavillón existente, proposta que conta co respaldo da comunidade educativa.

Asinado o día 22/09/2025 ás 15:36
Por Aitor Bouza Manso

Trátase dun centro educativo de referencia en Compostela que precisa dunha resposta inmediata e planificada para continuar garantindo un ensino público de calidade, nun barrio en constante crecemento e con alta demanda escolar.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

121410

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34500
Data envío: 22/09/2025 15:41:45.701

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Ten pensado a Xunta de Galicia incorporar unha partida específica nos orzamentos de 2026 para garantir a ampliación do comedor escolar do CEIP Raíña Fabiola? En caso afirmativo, de que importe será dita partida?

Santiago de Compostela, a 22 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

121411

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 22/09/2025 15:36:05

Patricia Iglesias Rey na data 22/09/2025 15:36:12

Silvia Longueira Castro na data 22/09/2025 15:36:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34500
Data envío: 22/09/2025 15:41:45,701

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34500
Data envío: 22/09/2025 15:41:45,701

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 15:41:46

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34503
Data envío: 22/09/2025 15:44:35.912

Asinado o día 22/09/2025 ás 15:37
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Asinado o día 22/09/2025 ás 15:37
Por Patricia Iglesias Rey

O CEIP Raíña Fabiola de Santiago de Compostela é un centro que conta con máis de 200 alumnos e alumnas matriculados. Trátase dun colexio cunha demanda crecente de servizo de comedor escolar, que no pasado curso escolar chegou a atender a un centenar de estudantes.

Na actualidade, o espazo destinado a comedor son dúas aulas do propio centro, claramente insuficientes para dar resposta a esta necesidade educativa e social, fundamental para a conciliación das familias.

Xa existe unha proposta de ampliación do comedor. A solución pasaría por situar o novo espazo de comedor pegado ao pavillón existente, proposta que conta co respaldo da comunidade educativa.

Asinado o día 22/09/2025 ás 15:36
Por Aitor Bouza Manso

Trátase dun centro educativo de referencia en Compostela que precisa dunha resposta inmediata e planificada para continuar garantindo un ensino público de calidade, nun barrio en constante crecemento e con alta demanda escolar.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

121414

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34503
Data envío: 22/09/2025 15:44:35.912

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Cal é o motivo para que a Xunta de Galicia non teña respondido as demandas da comunidade educativa do CEIP Raíña Fabiola realizadas neste inicio do novo curso escolar?

Santiago de Compostela, a 22 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

121415

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 22/09/2025 15:36:52

Patricia Iglesias Rey na data 22/09/2025 15:37:00

Silvia Longueira Castro na data 22/09/2025 15:37:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34503
Data envío: 22/09/2025 15:44:35.912

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 15:44:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34503
Data envío: 22/09/2025 15:44:35.912

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:39:35
Nº Rexistro: 34510
Data envío: 22/09/2025 16:39:35.363

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a mellora por parte da Xunta da dotación actual dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) foron creados no ano 2013 como un instrumento de resposta inmediata ante situacións de emerxencia, incidencias de protección civil e apoio en tarefas de salvamento. A súa implantación supuxo un avance respecto da anterior fragmentación de servizos, mais dez anos despois da súa posta en marcha, a realidade amosa importantes carencias.

Na actualidade, a distribución territorial dos GES presenta desigualdades notables, deixando zonas do país sen cobertura axeitada ou cunha resposta tardía. O rateo de efectivos e de dotación material non responde á dispersión poboacional nin á complexidade orográfica de Galiza, factores que multiplican a vulnerabilidade en situacións de risco, como os incendios forestais, as inundacións ou os accidentes de tráfico. En moitos casos, a distancia entre o lugar do sinistro e o parque GES máis próximo supón tempos de resposta superiores aos recomendados polas normas internacionais de protección civil (15-20 minutos), o que compromete a eficacia do servizo. Elocuente é o caso da provincia de Lugo no que distintos concellos renunciaron a ser sede de GES, o último Cervo, sen que se procedera á procura dun novo emprazamento polo que a boa parte do territorio lucense, e xa que logo a súa veciñanza, carecen dunha axeitada cobertura de emerxencias.

Asinado o día 22/09/2025 ás
16:35
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:39:35
Nº Rexistro: 34510
Data envío: 22/09/2025 16:39:35,363

Xa que logo resulta imprescindible revisar o mapa de cobertura dos GES e planificar unha nova distribución que garanta a equidade territorial, a eficacia na resposta e a seguridade das persoas. Galiza precisa un modelo de atención ás emerxencias integrado, estable e profesionalizado, no que os GES teñan unha función clara e dimensionada dos recursos e medios dos que estean dotados.

Infelizmente proba do anteriormente exposto viviuse o pasado mes de agosto en Ourense, evidenciándose non só a falla de coordinación entre os distintos servizos destinados ás emerxencias e extinción de incendios (tanto cos bombeiros forestais, como os dos parques comarcais), senón tamén a precariedade de medios e recursos de que adoece este servizo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera a Xunta de Galiza adecuada a actual cobertura territorial dos grupos de emerxencias supramunicipais, nomeadamente na provincia de Lugo?

Con que periodicidade comproba a Xunta de Galiza o estado operativo de cada un dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal de Galiza?

Cónstalle a Xunta de Galiza que todo o material dos GES, tanto o necesario para realizar as actuacións de salvamento ou extinción de lumes, como o de protección individual, está en perfectas condicións?

Coñece a Xunta de Galiza se todos os GES teñen cuberto o cadro de persoal previsto? Que xestións realizou para verificar tal extremo e, no seu caso, para emendar as carencias detectadas?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:39:35
Nº Rexistro: 34510
Data envío: 22/09/2025 16:39:35.363

Cónstalle a Xunta de Galiza se algunha sede de GES estivo pechada por carecer de persoal abondo, ou se nalgún caso o servizo de garda estaba composto unicamente por un traballador?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/09/2025 16:35:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:39:35
Nº Rexistro: 34510
Data envío: 22/09/2025 16:39:35.363

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 16:39:35
Nº Rexistro: 34510
Data envío: 22/09/2025 16:39:35.363

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 16:39:36

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a achega económica feita pola Xunta de Galiza sen concurso público á regata Juan Carlos I de Sanxenxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

140.000 euros. Esa foi a cantidade de diñeiro público entregada pola Xunta de Galiza e a Deputación de Pontevedra á regata Juan Carlos I de Sanxenxo. No caso da Deputación de Pontevedra a cantidade entregada foi de 81.818,18 euros mentres que a da Xunta foi de 60.000 euros, segundo informaba o diario ‘El Salto’.

No caso dos dous contratos foron executados a través da modalidade de negociados sen publicidade. Coa excusa de patrocinar o turismo deportivo ou o turismo de Galiza, entrégase “a dedo” unha cantidade desorbitada do diñeiro de todas as galegas e galegos para que o rei emérito poida ter o seu momento de gloria no noso país.

Dado que a capacidade de fiscalización deste contratos é practicamente nula (non hai ningunha plataforma de transparencia que permita ver os detalles dos contratos) vémonos desde o Grupo Parlamentar do BNG na obriga de traer esta cuestión ao Parlamento galego. O deporte galego sofre de fondas eivas, tamén en moitas federacións deportivas, que deben ser resoltas polo goberno galego. Tal cantidade de diñeiro público podería ser de grande utilidade por moitas entidades ou federacións para promocionar o deporte galego de base, que é o verdadeiramente interesante para calquera país.

Asinado o día 22/09/2025 ás
17:12
Por Iago Suárez Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, o feito de que este diñeiro público servise para unha foto xa infame co presidente da Xunta, o presidente da Deputación de Pontevedra e o rei emérito no podio após a proba dá boa conta dos intereses do PP á fronte da Xunta de Galiza e dá unha imaxe tremendamente negativa do noso país. É por iso que pedimos transparencia máxima ao goberno galego neste tipo de contratos. Non se pode xogar deste modo co diñeiro de todas as galegas e galegos.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é o motivo da total falta de transparencia neste contrato de patrocinio?
- Parécelle ben á Xunta empregar diñeiro público para estes fins?
- Non lle preocupa á Xunta de Galiza a imaxe que está a dar do país con este tipo de actuacións?
- Ten pensado o Goberno ser máis transparente no futuro con este tipo de contratos?
- En caso afirmativo, que medidas concretas artellará neste ámbito?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 22/09/2025 17:12:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 17:16:41
Nº Rexistro: 34516
Data envío: 22/09/2025 17:16:41.208

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 17:16:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 17:16:41
Nº Rexistro: 34516
Data envío: 22/09/2025 17:16:41.208

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 17:36:26
Nº Rexistro: 34538
Data envío: 22/09/2025 17:36:26.699

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Na fin de semana do 19 ao 21 de setembro de 2025, un grande incendio forestal arrasou miles de hectáreas na Ribeira Sacra, afectando principalmente aos concellos de Pantón e Sober (provincia de Lugo), e chegando tamén a afectar o territorio de Nogueira de Ramuín (provincia de Ourense).

As cifras manexadas por diferentes medios de comunicación apuntan a unha superficie que podería superar as 3.000 hectáreas queimadas, nun espazo de altísimo valor ambiental, cultural e económico. O lume propagouse a gran velocidade polos Canóns do Sil, ameazando directamente núcleos habitados e bens patrimoniais de primeira orde.

En Pantón, a situación foi especialmente grave na noite do 19 ao 20 de setembro, cando varias aldeas tiveron que ser evacuadas: Cibrisqueiros, Frontón, Budián, Souto e Abelairas. En Budián, varias vivendas arderon por completo, algunhas delas en perfecto estado de conservación. A veciñanza loitou ata o último momento para defender as súas casas e alpendres, nunha noite que describiron como un “pesadelo”.

En Sober, os núcleos de Barrios de Rosende e A Barca tamén tiveron que ser desaloxados, rexistrándose danos en explotacións agrarias e viñas, así como perdas materiais que afectaron directamente a familias que dependen economicamente do viño da Ribeira Sacra. Xa na mañá do sábado 20, a zona de Santiago de Cangas sufriu un forte impacto das lapas.

Asinado o día 22/09/2025 ás
17:34
Por Lara Méndez López

Asinado o día 22/09/2025 ás
17:33
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

121427

28071 Madrid

@PSdeG



O incendio cruzou a beira do Sil e afectou ao concello de Nogueira de Ramuín (Ourense), xerando unha alarma especial pola súa proximidade ao Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, hoxe Parador Nacional, un dos principais monumentos da Ribeira Sacra. O fume era visible dende o propio mosteiro, e diversos medios sinalaron que as lapas estiveron moi preto deste enclave singular. Ademais, parroquias como Nogueira, Rosende e A Barca foron mencionadas entre as afectadas polo avance do lume.

Afortunadamente, non houbo vítimas humanas que lamentar, mais as perdas materiais e patrimoniais son moi elevadas, e a recuperación das zonas afectadas será longa e custosa.

Todo isto pon de manifesto unha vez máis as grandes carencias da política de prevención de incendios da Xunta de Galicia. A Ribeira Sacra, espazo candidato a ser recoñecido pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade, non pode seguir carecendo dun plan específico de prevención, ordenación e protección fronte a lumes de gran magnitude. A ausencia dun modelo eficaz de prevención, sumada á falta de medios materiais e de planificación do territorio, deixa á veciñanza e ao patrimonio cultural e natural nunha situación de vulnerabilidade inaceptable.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Vai o Goberno galego elaborar un plan específico de prevención e ordenación forestal para a Ribeira Sacra, que inclúa medidas para protexer tanto os núcleos de poboación como os bens patrimoniais, como o Mosteiro de Santo Estevo en Nogueira de Ramuín?
2. Cantas vivendas e instalacións agrícolas resultaron danadas ou destruídas en Pantón e Sober, e que apoio se lles está a ofrecer ás familias afectadas?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 17:36:26
Nº Rexistro: 34538
Data envío: 22/09/2025 17:36:26.699

3. Que dotación de medios materiais e humanos se mobilizou o Goberno galego durante a emerxencia, e considera o Goberno galego que foi suficiente para evitar maiores danos?

4. Que medidas ten previsto impulsar o Goberno galego para protexer as zonas vitivinícolas de Sober e outras áreas produtivas da Ribeira Sacra fronte ás consecuencias dos incendios?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

121429

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/09/2025 17:33:55

Lara Méndez López na data 22/09/2025 17:34:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 17:36:26
Nº Rexistro: 34538
Data envío: 22/09/2025 17:36:26.699

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 17:36:26
Nº Rexistro: 34538
Data envío: 22/09/2025 17:36:26.699

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 17:36:27

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxencia de a Xunta dotar o CEIP Concepción Arenal da Coruña do profesorado necesario para atender as necesidades educativas do alumnado NEE e NEAE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As familias do CEIP Concepción Arenal da Coruña están a trasladar publicamente a situación de desamparo en que o goberno da Xunta deixa a atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais e mais con necesidades específicas de apoio educativo.

O CEIP Concepción Arenal conta cunha matrícula superior aos 400 alumnos e alumnas. Ao redor duns 20 contan cos debidos informes acreditativos de NEE, mentres que uns 60 se corresponderían con diagnósticos propios de NEAE.

Os recursos humanos cos que conta o centro para atender este alumnado son: 1 orientadora (actualmente de baixa e recén substituída por outra profesional), 2 AL (sendo ao tempo o director e a profesora de apoio), 2 PT e 2 coidadoras.

Os recortes progresivos aplicados pola Xunta coa redución do profesorado no centro viuse aínda máis acusado no curso que acaba de comezar: as familias comprobamos como este curso os seus fillos e fillas teñen menos atención educativa da que tiñan o curso pasado. Un desconcerto e impotencia que tamén partilla o profesorado que se ve incapaz de atender debidamente a diversidade de necesidades educativas do alumnado tanto por falta de formación como de recursos.

Por todo isto fórmase a seguinte pregunta para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai dotar a Xunta o CEIP Concepción Arenal da Coruña do profesorado necesario neste curso escolar para atender o alumnado con NEE e NEAE e garantir o dereito á educación en equidade e igualdade?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 22/09/2025 18:05:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 18:07:27
Nº Rexistro: 34551
Data envío: 22/09/2025 18:07:27.723

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 18:07:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 18:07:27
Nº Rexistro: 34551
Data envío: 22/09/2025 18:07:27.723

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a oferta formativa do profesorado en competencias lingüísticas en lingua galega no Plan Anual de Formación do Profesorado para o curso 2025-2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A formación do profesorado galego é un proceso de aprendizaxe e actualización metodolóxica innovadora con carácter continuo.

No comezo de cada curso escolar, a Consellería de Educación activa un Plan Anual de Formación do Profesorado.

O plan de formación ofertado pola Xunta ao profesorado para o curso 2025-2026 aséntase en cinco liñas prioritarias entre as que se encontra a formación na competencia de “Comunicación e plurilingüismo”, sen ningunha acción formativa vinculada á didáctica da e na lingua propia e oficial de Galiza, o galego.

Da lectura deste Plan Anual de Formación do Profesorado constátase a incoherencia de falar dun plan de formación galego que exclúe a formación pedagóxica na lingua propia e oficial de Galiza, atendendo á súa realidade como lingua minorizada e nun contexto social de emerxencia lingüística, como concluíu hai case un ano o IGE e como viñan advertindo xa dende había tempo os colectivos referentes no traballo a favor da normalización lingüística.

Asinado o día 23/09/2025 ás
10:42
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Deste xeito, o goberno do PP dá un paso máis adiante na exclusión da nosa lingua do proceso de ensino-aprendizaxe galego: un modelo galego sen galego que impide cumprir un obxectivo central e vertebrador deste plan: “coñecer e incorporar novas formas de ensinar e garantindo a mellora das competencias profesionais docentes”.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Por que a Xunta non oferta no Plan Anual de Formación do Profesorado para o curso 2025-2026 itinerarios formativos centrados na innovación pedagóxica e didáctica en e desde a lingua galega?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2025 10:42:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 10:44:20
Nº Rexistro: 34570
Data envío: 23/09/2025 10:44:20.926

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 10:44:20
Nº Rexistro: 34570
Data envío: 23/09/2025 10:44:20.926

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/09/2025 10:44:21

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a afectación do incendio de Larouco á declaración BIC das adegas cova de Seadur.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 10 de marzo de 2025 publicou a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural o conxunto de adegas cova de Seadur, no concello de Larouco (Ourense), como mostra representativa dos conxuntos de adegas cova característicos da comarca de Valdeorras, na categoría de lugar de valor etnolóxico, co nivel de protección integral.

A incoación do expediente BIC conleva a anotación de forma preventiva no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, así como aplicar de forma inmediata e provisional o réxime de protección que establece a Lei de Patrimonio Cultural de Galiza para os bens de interese cultural.

No entanto, a recente vaga de lumes que afectou esta comarca ourensá, nomeadamente o de Larouco, na parroquia de Seadur, que calcinou máis de 30.000 hectáreas, converténdose no maior da historia dos lumes en Galiza desde que hai rexistros, deixou ao descuberto a vulnerabilidade deste ben cultural, mesmo estando sometido xa, por parte da Administración, ao máximo réxime de protección patrimonial que lle corresponde a un BIC.

Asinado o día 23/09/2025 ás
10:45
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Afectou o incendio de Larouco ao conxunto de adegas cova de Seadur?
- Cales son as consecuencias da afectación do incendio sobre este ben patrimonial?
- E sobre a contorna de protección?
- E sobre a paisaxe natural que o rodea?
- Tiña a Xunta activadas as medidas de protección das adegas cova de Seadur tal e como obriga a incoación do expediente BIC?
- Que medidas en concreto?
- Como afectan as consecuencias derivadas do incendio de Larouco, na parroquia de Seadur, á incoación BIC?
- Como afecta á tramitación do BIC?
- En que fase se encontra a tramitación do expediente BIC?
- Que previsión ten a Xunta para a declaración BIC das adegas cova de Seadur?
- Por que se iniciou a incoación do expediente BIC só para este conxunto de adegas cova de Seadur e se ecluir todas as demais existentes na comarca de Valdeorras?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2025 10:45:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 10:47:11
Nº Rexistro: 34573
Data envío: 23/09/2025 10:47:11.336

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 10:47:11
Nº Rexistro: 34573
Data envío: 23/09/2025 10:47:11.336

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/09/2025 10:47:11

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxente necesidade de a Xunta apoiar as demandas da práctica deportiva de remo no Pedrido (Bergondo-A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Bergondo conta dende hai unha década co Club de Remo Olímpico do Mandeo que desenvolve a súa actividade na zona da praia do Pedrido, na ría de Betanzos. Este club leva anos colleitando grandes éxitos nas competicións nas que participa contando cun amplo medalleiro, levando así o nome de Bergondo e de Galiza por todo o mundo.

Sen embargo, os seus indiscutibles éxitos, froito do esforzo e compromiso do club, non se corresponden coas carencias nas instalacións tan precarias que dificultan cada vez máis a realización de adestramentos e preparación das competicións, e limitan o medre desta entidade de marcado carácter social que traballa a prol da promoción do deporte de base, en especial entre a mocidade, co reforzo dos valores que isto implica.

O Club de Remo Olímpico do Mandeo leva anos solicitando axuda ás diferentes administracións para dispor dunhas instalación axeitadas á práctica deste deporte para todos os usuarios, sen ter conseguido até o momento ningunha resposta en positivo. Unha resposta de colaboración que na actualidade se converteu en urxente ao lle ter sido comunicado recentemente ao club de remo que deben abandonar o espazo de

Asinado o día 23/09/2025 ás
12:51
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

titularidade privada que ocupan na actualidade e que, malia a precariedade do mesmo, paliaba en parte as súas necesidades.

Desde hai tempo o Club de Remo Olímpico do Mandeo está a facer propostas de colaboración ao Concello de Bergondo, atendendo ás competencias municipais, que até o de agora non atoparon receptividade.

Mentres continúan desde o club a explorar a colaboración municipal, e como medida parcial, mais satisfactoria para facilitar a continuidade da actividade deportiva no Pedrido, propónse a creación dun parque de botes na marxe da ría.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É coñecedora a Xunta do importante labor social e deportivo que desenvolve o Club de Remo Olímpico do Mandeo?
- É consciente a Xunta da precariedade das súas instalacións?
- Como valora a proposta do Club de Remo Olímpico do Mandeo de construír un parque de botes no Pedrido?
- Comprométese a Xunta a autorizar a construción dun parque de botes de remo olímpico na Ría de Betanzos á altura do Pedrido?
- Comprométese a Xunta a colaborar co Concello de Bergondo por medio dun convenio para avanzar no estudo de construción dunha instalación que dea resposta a esta práctica deportiva?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2025 12:51:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 12:54:34
Nº Rexistro: 34581
Data envío: 23/09/2025 12:54:34.701

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 12:54:34
Nº Rexistro: 34581
Data envío: 23/09/2025 12:54:34.701

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/09/2025 12:54:35

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a adaptación da produción agraria galega á crise climática e a situación de seca prolongada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A seca extrema que se prolonga durante este 2025 en Galiza ten provocado un impacto severo sobre a produción agraria e a sustentabilidade do territorio. O rural galego está a vivir un proceso acelerado de degradación produtiva, especialmente visible nas comarcas de maior intensidade agrícola, como a Limia, o Deza, a Terra Chá ou o Ribeiro.

As precipitacións foron practicamente inexistentes entre maio e setembro en moitas zonas, e os episodios de calor extremo puxeron en risco a viabilidade de numerosos cultivos, entre eles as patacas, o millo, as leguminosas, os viñedos e a produción apícola. Moitas explotacións víronse obrigadas a multiplicar os regos, incrementando os custes de produción e esgotando os recursos dispoñibles, sen que exista unha planificación pública da auga para uso agrícola.

A situación non colle por sorpresa a ningún: xa estaba advertida polos propios sectores produtivos, por entidades técnicas e mesmo recollida en documentos como o Plan Estratéxico da Limia, que identificaba de forma precisa os problemas de solo, regadío, organización produtiva e vulnerabilidade climática. Porén, a maior parte das medidas dese plan permanecen sen execución, mentres a realidade se volve cada vez máis difícil de soste.

Asinado o día 23/09/2025 ás
12:54
Por Sonia Vidal Lamas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Na recente feira Alimiagro 2025, as intervencións técnicas e labregas coincidiron nun punto clave: non é posible manter a produción alimentaria galega sen unha adaptación real, práctica e urxente ao cambio climático. Esa adaptación require sistemas de rego eficientes, infraestruturas colectivas, formación práctica, innovación accesible, organización comarcal dos recursos e presenza técnica continuada no territorio.

A Xunta de Galiza, e en particular a Consellería do Medio Rural, ten as competencias e os medios para actuar. Non é necesario agardar por modificacións normativas nin depender exclusivamente de fondos europeos ou medidas alleas. O que fai falla é vontade política, decisión executiva e aposta estratéxica pola produción alimentaria como eixo de soberanía, economía e futuro.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que medidas prácticas e directas está a aplicar a Consellería do Medio Rural para garantir que as explotacións agrícolas poidan adaptar os seus sistemas de rego á situación de seca prolongada?
2. Cal é a previsión de execución real, con orzamento e calendario, das medidas recollidas no Plan Estratéxico da Limia que fan referencia á modernización do regadío, diversificación produtiva e xestión do solo?
3. Que iniciativas ten previsto desenvolver a Consellería para facilitar o acceso colectivo e comunitario á auga por parte das pequenas e medianas explotacións nas comarcas con maior presión hídrica, como a Limia?
4. Ten previsto a Xunta crear estruturas de servizo técnico continuado no territorio, máis alá das oficinas agrarias fixas, que garantan atención presencial recorrente nos concellos con alta intensidade produtiva?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

5. Vai incorporar a Consellería módulos formativos obrigatorios sobre regadío eficiente, planificación hídrica e adaptación climática nas accións de formación agraria previstas para 2026? En que datas e comarcas?

6. Ten previsto o Goberno galego dotar as explotacións familiares de ferramentas públicas de acceso compartido a materiais para rego eficiente e outros recursos comúns, como bancos de equipamentos ou puntos de carga?

7. Como xustifica a Consellería o feito de non ter actualizado nin executado as medidas xa previstas no Plan Estratéxico da Limia, cando os efectos climáticos e produtivos que alí se recollían xa se están a producir de maneira evidente?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 23/09/2025 12:54:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 12:56:34
Nº Rexistro: 34586
Data envío: 23/09/2025 12:56:34.875

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 12:56:34
Nº Rexistro: 34586
Data envío: 23/09/2025 12:56:34.875

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/09/2025 12:56:35

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre sobre a valoración e actuacións realizadas pola Xunta de Galiza ante o coñecemento de erros de funcionamento das pulseiras telemáticas como dispositivos de control de cumprimento das prohibicións de aproximación, acordadas como medidas cautelares ou penas en situacións de violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ámbito da protección das vítimas de violencia machista existes distintos mecanismos e medidas xudiciais para procurar a súa protección, ben como medidas cautelares, ben como penas. Entre estas salienta o uso de pulseiras telemáticas de control. Esta medida está pensada para reforzar a seguridade da vítima ante potenciais quebrantamentos e hai unanimidade na súa importancia e utilidade (non foi asasinada ningunha muller con este mecanismo) así como na necesidade de estender o seu uso. Porén, o nivel de aplicación é moi baixo en xeral e hai que recordar que Galiza é das comunidades con menor concesión de medidas.

Tal e como ten denunciado o feminismo, o BNG socialmente e nas distintas institucións e, nalgúns aspectos, a propia xudicatura, o sistema de pulseiras non está exento de problemas. Principalmente a falta de cobertura, singularmente no rural, e de modernización dos dispositivos. No ano 2023 o goberno do Estado adxudicou un novo contrato que comezou a operar en febreiro de 2024 e que en teoría ía resolver algúns destes problemas con dispositivos novos. Porén, na súa posta en marcha alertáronse de distintos fallos. O BNG denunciou esta situación e recentemente a Memoria da Fiscalía de

Asinado o día 23/09/2025 ás
16:42
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2024 confirmaba consecuencias graves e negativas toda vez que se perderon elementos probatorios determinantes para os procesos xudiciais.

O goberno do Estado debe asumir responsabilidades pola falta de vixilancia e por non ter tomado medidas efectivas ao ser coñecedor dos fallos dos que advertiu a fiscalía e o BNG. Neste sentido, é necesaria unha avaliación pública e transparente das consecuencias xudiciais destes erros e medidas de reforzo inmediatas, mais tamén cómpre aclarar desde cando e con que grao de profundidade coñecía a Xunta de Galiza esta situación e que actuacións levou a cabo ou se, pola contra, non actuou.

Asemade, hai que abordar os problemas de Viogén, que non se acabaron de resolver coa tardía posta en marcha de Viogen 2 e debe ampliarse, como demandan as e os profesionais, as valoracións psicosociais para detectar adecuadamente o nivel de risco sobre as vítimas. De feito, a propia memoria da Fiscalía volve recoñecer enormes desigualdades territoriais e recóllense problemas concretos de Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

En que data e por que medios comunicou a Xunta de Galiza ao goberno do Estado problemas de funcionamento no novo servizo de pulseiras de control telemático para a protección de vítimas de violencia machista?

Abordou esta cuestión no Observatorio galego contra a violencia de xénero? Cales foron as razóns?

Cantos procesos xudiciais no ámbito galego foron ou poden ser afectados polos fallos derivados da posta en marcha da nova concesión?

Considera o goberno galego que este servizo debe ser prestado directamente polos sistemas públicos de protección das vítimas?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Que actuacións considera a Xunta que deben poñerse en marcha para aumentar o uso deste recurso?

Que actuacións elaborou ou vai elaborar a Xunta para abordar a falta de cobertura? Cónstalle que permanezan estes problemas? Ten diagnosticado en que zonas?

Vai aumentar o goberno galego o persoal do IMELGA para que poida haber valoracións forenses e psicosociais complementarias a VIOGEN e mellorar a posta en marcha de medidas de protección?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/09/2025 16:42:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 16:45:25
Nº Rexistro: 34630
Data envío: 23/09/2025 16:45:25.093

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 16:45:25
Nº Rexistro: 34630
Data envío: 23/09/2025 16:45:25.093

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/09/2025 16:45:25

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 16:57:46
Nº Rexistro: 34637
Data envío: 23/09/2025 16:57:46,759

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Augas de Galicia é un ente dependente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, responsable do control dos vertidos aos ríos da demarcación hidrográfica Galicia-Costa e dos que chegan desde terra ao mar. Como parte dos labores desempeñados pola entidade, Augas de Galicia realiza inspeccións e controis nos concellos, ben como resposta a denuncias ou alertas presentadas por particulares ou entidades, ou ben de forma autónoma cando existen indicios da posible existencia dun punto contaminante ou dun vertido.

O último dato oficial coñecido sobre a súa actividade recente refírese ao ano 2023, cando se fixo público que se realizaron 9.646 inspeccións. Porén, non existe ningún desglose que permita coñecer a distribución territorial destas actuacións, nin tampouco os criterios de planificación que determinan onde, cando e con que frecuencia se inspecciona. Descoñécese así mesmo se existe un protocolo de referencia ou unha memoria pública que recolla con claridade os procedementos seguidos.

A falta de información detallada sobre os criterios e resultados destas inspeccións tradúcese nunha absoluta falta de transparencia. Sen un desglose territorial nin explicación dos procedementos aplicados, é imposible coñecer se a actuación de Augas de Galicia está a ser equilibrada, eficaz e xusta co conxunto dos concellos galegos.

Cómpre lembrar que o Decreto 141/2012, Cap. IV, Art. 26, establece que a función inspectora corresponde á entidade xestora, ben directamente, ben a

Asinado o día 23/09/2025 ás
16:55
Por Carlos López Font

Asinado o día 23/09/2025 ás
16:55
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

121458

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VHKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 16:57:46
Nº Rexistro: 34637
Data envío: 23/09/2025 16:57:46,759

través de entidades colaboradoras acreditadas (Decreto 162/2010). Porén, este marco legal é moi xeral e non fixa criterios baseados en evidencias empíricas para iniciar unha inspección, deixando amplo espazo á discrecionalidade da institución. A isto engádese que as memorias de actividade de Augas de Galicia adoitan publicarse con moito retraso —a correspondente a 2023 aínda non está dispoñible— e que o apartado de Transparencia da súa páxina web permanece completamente desfasado, o que agrava a falta de información pública.

Por todo isto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. En cantos concellos de Galicia se realizaron inspeccións por parte de Augas de Galicia no último ano e cal foi o número de actuacións en cada un deles?
2. Existen protocolos de actuación e memorias públicas nas que se recolla a actividade inspectora desenvolvida por Augas de Galicia?
3. Cales son os criterios polos que se seleccionan os concellos obxecto de inspección por parte de Augas de Galicia e en que parámetros se sustentan eses criterios?
4. Cales son os criterios polos que se non se publican as memorias anuais nin se actualiza o apartado de Transparencia da web de Augas de Galicia?

Santiago de Compostela, a 23 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

121459

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 23/09/2025 16:55:11

Carlos López Font na data 23/09/2025 16:55:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 16:57:46
Nº Rexistro: 34637
Data envío: 23/09/2025 16:57:46,759

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2025 16:57:46
Nº Rexistro: 34637
Data envío: 23/09/2025 16:57:46,759

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/09/2025 16:57:47

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 34665
Data envío: 23/09/2025 18:37:53.810

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Os plans industriais estratéxicos (PIE) promovidos pola Xunta de Galicia pretenden atraer investimentos e dinamizar sectores clave da economía galega, especialmente no ámbito da industria, a enerxía e a innovación. Non obstante, numerosos proxectos incluídos baixo este paraugas están a xerar preocupacións sociais e ambientais, debido á súa dimensión, ao seu impacto no territorio e á percepción de falta de transparencia e rigor nos procedementos de avaliación.

En moitos casos, a declaración como PIE implica prioridade administrativa e tramitación acelerada, pero isto non pode xustificar a relaxación dos requisitos ambientais, económicos e sociais que deben cumprir todos os proxectos industriais.

As políticas públicas deben estar aliñadas cos principios de sustentabilidade, cohesión territorial, interese xeral e protección do medio ambiente, tal e como recollen tanto a lexislación autonómica como a estatal e europea.

A cidadanía e os colectivos afectados teñen dereito a información clara, avaliacións rigorosas e garantías de participación pública, especialmente cando os proxectos poden alterar significativamente o tecido económico local, os ecosistemas ou as condicións de vida das comunidades.

É urxente que a Xunta de Galicia reforce os mecanismos de control, avaliación e seguimento dos PIE, garantindo o cumprimento estrito da legalidade vixente, sen renunciar á axilidade, pero sen debilitar as garantías ambientais e o impacto sociais nos territorios onde se van a implementar os proxectos.

Asinado o día 23/09/2025 ás
18:35
Por Lara Méndez López

Asinado o día 23/09/2025 ás
18:35
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

121462

28071 Madrid



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que criterios obxectivos aplica a Xunta de Galicia para avaliar o impacto social e económico dos proxectos industriais declarados como plans industriais estratéxicos (PIE)?
2. Como garante o Goberno galego que os proxectos industriais estratéxicos xeren beneficios reais, directos e sostibles para os territorios onde se instalan?
3. Que porcentaxe dos empregos creados polos proxectos PIE están destinados a persoas residentes nos concellos afectados ou limítrofes? Existe algún requisito ou incentivo para a contratación local?
4. Como valora a Xunta o impacto destes proxectos no tecido económico existente dos territorios afectados (por exemplo, sectores primarios, turismo, pequenas empresas locais, etc.)?
5. Realiza a Xunta de Galicia estudos de custo-beneficio que teñan en conta non só o investimento global, senón tamén os posibles custos sociais, desprazamentos de actividade económica ou presión sobre os servizos públicos locais?
6. Que mecanismos de compensación, reequilibrio ou retorno económico se prevén para os municipios nos que se asenten proxectos PIE que impliquen uso intensivo de solo, recursos naturais ou infraestruturas públicas?
7. Está a Xunta a garantir a participación real das administracións locais e da cidadanía nos procesos de definición e seguimento dos proxectos PIE?
8. Que indicadores sociais (como calidade do emprego, cohesión territorial, acceso á vivenda ou servizos públicos) emprega a Xunta para avaliar o impacto dos proxectos PIE?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 34665
Data envío: 23/09/2025 18:37:53.810

9. Ten previsto o Goberno galego elaborar informes públicos e periódicos sobre o grao de cumprimento dos compromisos sociais e económicos asumidos polas empresas promotoras dos PIE?
10. Como pensa actuar a Xunta de Galicia nos casos nos que se detecten impactos negativos nos territorios afectados, ou nos que os proxectos non estean a cumprir coas expectativas económicas e sociais prometidas?

Santiago de Compostela, a 24 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

121464

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 23/09/2025 18:35:28

Lara Méndez López na data 23/09/2025 18:35:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 34665
Data envío: 23/09/2025 18:37:53.810

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 34665
Data envío: 23/09/2025 18:37:53.810

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/09/2025 18:37:54

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do SAAD en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os últimos datos publicados polo IMSERSO, en agosto de 2025 en Galiza:

O tempo medio de espera: 350 días, o duplo do que fixa a lei (180 días). Malia reducirse en 61 persoas a lista de agarda a respecto do mes de xullo, aínda hai 1.967 persoas.

Porén, en troca de incrementarse o servizo público, os datos do último ano demostran que o PP está aplicando unha política asistencialista e privatizadora que lonxe de garantir dereitos: precariza, individualiza e devolve os coidados aos lombos das mulleres.

O PP está recortando servizos e substituíndoos por axudas pírricas que non garanten dereitos. Entre xaneiro e agosto de 2025 o SAF perdeu 1.475 persoas usuarias (malia existir importantes listas de agarda na práctica totalidade dos concellos) e os centros de día case 495. Entretanto, as axudas asistencialistas incrementáronse en máis de 9.040. Falamos de axudas por coidado que non chegan aos 400 euros. Menos da metade do salario mínimo interprofesional.

Asinado o día 24/09/2025 ás
09:27
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Nesa política asistencialista e privatizadora do Partido Popular, o Goberno de Rueda continúa recortando o orzamento destinado ao Servizo de Axuda no Fogar. No mes de xuño 12 millóns de euros que se engaden aos 5 millóns que xa recortaran en mes de maio. En dous meses o PP recortou 17 millóns de euros a un servizo esencial da dependencia que está ao borde da quebra pola falta de financiamento como levan denunciando tanto tempo os concellos galegos.

Así mesmo e por primeira vez, hai máis persoas dependentes pagando unha residencia privada que nunha praza pública ou concertada. Máis de 7.600 persoas recibindo unha axuda pírrica de entre 361€ - 420€ ao mes para pagar unha praza en residencia privada que teñen un custe medio de 2.000 euros mensuais e subindo, como xa temos denunciado desde o BNG porque as empresas privadas están facendo negocio aproveitándose da necesidade da xente.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Cre a Xunta que o asistencialismo garante os dereitos da poboación dependente?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2025 9:27:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 34668
Data envío: 24/09/2025 09:29:53,879

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/09/2025 9:29:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 34668
Data envío: 24/09/2025 09:29:53,879

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a demanda de resolución por parte da Xunta das reiteradas deficiencias no servizo de transporte por estrada para os usuarios de Miño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Transporte Público de Galiza, aprobado pola Xunta en 2018 e modificado en 2021, establece como obxectivo garantir a mobilidade da poboación en termos de igualdade, seguridade e eficiencia, especialmente no ámbito rural, mediante servizos axeitados e adaptados ás necesidades da cidadanía.

Porén, a realidade que vive Miño desde o ano 2020, cando a UTE Hércules Norte pasou a facerse cargo das liñas que atravesan o noso concello, non acaba de adaptarse a estes principios, xa que as usuarias de Miño viron como empeoraba un servizo que até o momento funcionaba adecuadamente.

A día de hoxe, e a pesar da modificación feita no ano 2022, as liñas de autobús que comunican Miño cos principais núcleos da contorna –nomeadamente Betanzos, A Coruña, Ferrol e Pontedeume– continúan a acumular queixas. As usuarias e usuarios sinalan que o servizo ten eivas tanto nas frecuencias como nos horarios. É habitual ver que, ante a ausencia de servizos en diferentes franxas horarias, moitas persoas vense obrigadas a recorrer ao vehículo privado ou a depender doutras persoas para desprazarse.

Cómpre lembrar que a competencia en materia de transporte público por estrada é da Xunta de Galiza, e que non é de recibo que se manteñan estas carencias nun municipio





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

que ten experimentado un crecemento poboacional constante e que forma parte da área de influencia de cidades como A Coruña ou Ferrol.

Formalmente, o Plan de Transportes da Xunta de Galiza pretende garantir os principios de equidade e vertebración territorial, polo que é necesario que as diferentes liñas e concesións sexan revisadas e adaptadas ás necesidades xerais das persoas que habitan ao territorio, que deben desprazarse para motivos tan diversos como os de asistir a aulas, a citas médicas, a postos de traballo ou para desfrutar do seu tempo libre.

A Xunta de Galiza debe atender estas necesidades da poboación e non só os intereses das grandes concesionarias, cuns servizos inzados de incumprimentos tales como a falta de puntualidade, a eliminación de servizos, o cambio inxustificado de itinerarios ou, nalgúns casos, o mal estado dos vehículos.

Neste contexto, cómpre que a Xunta de Galiza reaxa e acometa unha mellora integral do servizo de transporte por estrada en Miño, ampliando frecuencias, mellorando horarios e garantindo conexións eficientes cos centros de estudo, traballo e servizos da contorna. Do contrario non estará a cumprir cos principios fundamentais de igualdade e equidade nun servizo de mobilidade colectiva fundamental para a comunicación de Miño coa comarca e coas áreas urbanas de referencia.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten constancia a Xunta das eivas continuas do transporte público por estrada que denuncian as usuarias de Miño?
- É consciente dos prexuízos que isto supón nos desprazamentos diarios dos usuarios destas liñas de transporte por estrada?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Entende a Xunta que a información pública sobre horarios, frecuencias e paradas é completa e correcta?

- Ten sancionado o goberno a empresa responsábel do irregular funcionamento do servizo ao seu paso por Miño? Cantas sancións ten tramitado? Con que obxecto?

- Cantos expedientes sancionadores ten a Xunta desta liña nos últimos anos?

- Que medidas correctoras está a aplicar a Xunta para garantir un servizo de calidade e útil para as usuarias do transporte público por estrada de Miño?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2025 9:41:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 09:43:32
Nº Rexistro: 34674
Data envío: 24/09/2025 09:43:32.880

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/09/2025 9:43:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 09:43:32
Nº Rexistro: 34674
Data envío: 24/09/2025 09:43:32.880

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre expedientes abertos no SAF naqueles casos en que as traballadoras denunciaron situacións de violencia ou discriminación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois do asasinato de Teresa de Jesús, traballadora do SAF do Concello do Porriño, é necesario analizar a situación na que se atopan as traballadoras deste servizo esencial de atención ás persoas dependentes. Para iso é imprescindible coñecer as denuncias que consten diante das empresas prestadoras e/ou dos concellos así como dos servizos de inspección da Xunta de Galiza naqueles casos de violencia, discriminación ou calquera outra.

De igual maneira, é preciso coñecer cales foron as principais deficiencias ou irregularidades detectadas polos servizos de inspección da Xunta de Galiza no seu labor.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cantas denuncias e/ou queixas presentaron traballadoras do SAF diante das empresas prestadoras do servizo, dos concellos e/ou dos servizos de inspección da Xunta nos últimos cinco anos?
- Que razóns motivaron as denuncias?

Asinado o día 24/09/2025 ás
11:14
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Que canles seguiron esas denuncias? Cantas motivaron a apertura dun expediente e informe razoado por parte do persoal técnico coordinador dos correspondentes servizos?

- Que deficiencias e irregularidades detectou a Xunta de Galiza no SAF a través dos servizos de inspección nos últimos cinco anos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2025 11:14:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 11:17:04
Nº Rexistro: 34680
Data envío: 24/09/2025 11:17:04.114

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 11:17:04
Nº Rexistro: 34680
Data envío: 24/09/2025 11:17:04.114

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/09/2025 11:17:04

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á perda de profesorado e de persoal coidador no CEIP plurilingüe “Alexandre Rodríguez Cadarso”, de Noia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano máis, o curso escolar comezou con grandes anuncios e titulares aínda maiores: Os orzamentos da Consellaría de Educación son “os máis grandes da historia de Galiza”, temos “menos alumnado e máis profesorado ca nunca”, “melloramos en equidade”, hai unha “discriminación positiva cara aos centros do rural”, Galiza é “garantía de igualdade de oportunidades”, a inclusión “é unha prioridade deste Goberno”, “non só mantemos as medidas do ano pasado senón que as reforzamos”, “o curso comezou con grande normalidade”, “nun sistema tan amplo é lóxico que nos primeiros días de curso se produzan axustes”, “non se pode falar de recortes”, etc., etc., etc.

Estes son só algúns exemplos do relato que veñen mantendo, dende antes mesmo de comezar o curso, os distintos cargos da Consellaría de Educación, co propio conselleiro á cabeza, e son exemplos tamén de que unha cousa é o relato, a propaganda da Consellaría, e outra, moi distinta, é a realidade que viven centos de alumnos e alumnas no noso país e, polo tanto, as súas familias, o profesorado, o persoal non docente dos centros de ensino, os e as coidadoras e, en definitiva, todas aquelas persoas que aspiran a un ensino público realmente de calidade.

E isto é, precisamente, ao que aspira a comunidade educativa do CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso, do colexio da Barquiña, de Noia. Un centro do rural deste

Asinado o día 24/09/2025 ás
11:17
Por Rosana Pérez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

país ao que non se lle está a “discriminar positivamente”, onde non ven garantida a “igualdade de oportunidades” do seu alumnado e, moito menos, perciben que a inclusión é unha “prioridade deste Goberno (da Xunta)”.

Así, por unha banda, temen a supresión dunha praza definitiva de Educación Primaria con perfil de inglés, recollida no catálogo do centro, tal e como contempla a Orde do 16 de xullo de 2018, publicada no DOG número 144, que agora nega teimudamente a Inspección Educativa. Cando o catálogo reconece seis mestres definitivos de Primaria máis un de Filoloxía francesa que exerce funcións de titoría, a Inspección afirma que só son cinco mestres máis 1, terxiversando mesmo o que está escrito e feito público no propio DOG.

Por outro lado, neste centro, a Consellaría non só non está a reforzar este ano os recursos e medidas do curso pasado. É que nin sequera os está a manter. No 2024-25, concedeu o desdobre da aula de 2º de EP, que contaba con 24 alumnos e alumnas e entre os cais dous tiñan necesidades educativas especiais, por ter un grao de dependencia 2, e outro, un grao de dependencia 3. É dicir, un total de 28 alumnos e alumnas ponderados.

No entanto, no 2025-26, esta mesma aula, que agora cursa 3º de EP, aínda sumando un alumno máis, ata chegar ao total de 25, que se traducen en 29 ponderados, non merece agora o mesmo recoñecemento e se lle denega tamén o desdobre. Unha medida que a comunidade educativa descoñece por completo en que preceptos legais se basea e que parece ter unha única explicación, os recortes sistemáticos que o Goberno galego vén aplicando aos servizos públicos, nomeadamente ao ensino.

Por último, e non menos inexplicable e inxusto, o centro contou no pasado curso con 2 coidadores e agora vese na obriga de compartir un co IES Campo de San Alberto, da mesma localidade. Unha decisión comunicada aos centros no último momento e especialmente grave, sobre todo se temos en conta que tanto no Colexio da Barquiña como no IES existe alumnado con grado 3 de dependencia ao que se lle está a limitar



gravemente o dereito á educación e a atención porque a necesitan imperiosamente a tempo total e de xeito continuado para desenvolver as actividades, tanto lectivas como non lectivas.

Toda esta problemática, que xa está a ser denunciada dende hai semanas polos pais e nais do alumnado e co apoio do profesorado, non foi aínda respostada pola Consellaría que nin sequera considerou ata o de agora recibilos nin atendelos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego da situación de redución de recursos humanos que vén de provocar no CEIP Plurilingüe “Alexandre Rodríguez Cadarso”, de Noia?

. Considera que esa situación dá resposta ás necesidades do alumnado, nomeadamente ás dos nenos e nenas máis vulnerábeis?

. Por que motivo decidiu reducir á metade a xornada dun dos coidadores do Colexio da Barquiña e se lle obrigou a compartilo co IES “Campo de San Alberto”, cando os dous centros teñen alumnado con grado 3 de dependencia? Vai ampliar a xornada do coidador nos dous casos? De ser así, en que prazo?

. Cal é o obxectivo da Xunta de Galiza ao non recoñecer que o Colexio dispón de 6 mestres definitivos e máis un de Filoloxía francesa con funcións de titor, contradecendo o que se recolle no catálogo do centro publicado no Diario Oficial de Galiza?

. Cais son as razóns polas que non autorizou o desdobre da aula de 3º de Educación Primaria cando si o fixo, coa mesma aula, no curso anterior? En que normativa vixente se ampara tal decisión?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

. Esta disposto o Goberno galego a recibir e escoitar ás representantes dos pais e nais do alumnado do Colexio da Barquiña? De ser así, cando? Por que motivo non o fixo aínda?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 24/09/2025 11:17:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 11:19:36
Nº Rexistro: 34685
Data envío: 24/09/2025 11:19:36,685

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 11:19:36
Nº Rexistro: 34685
Data envío: 24/09/2025 11:19:36,685

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/09/2025 11:19:37

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 12:35:12
Nº Rexistro: 34696
Data envío: 24/09/2025 12:35:12.690

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a atención en Galiza das vítimas de violencia sexual, a avaliación dos recursos e a posta en marcha de medidas de mellora.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia sexual é historicamente unha das formas de violencia machista e dominación patriarcal exercida contra as mulleres. Porén, o seu recoñecemento legal ten sido un camiño longo e obxecto constante de mobilización social e política do feminismo.

Así, aínda que Galiza recoñece este tipo de violencia desde o ano 2007 na súa lexislación, o Estado Español demorou anos a aprobación e ratificación do Convenio de Istambul e non tivo esta consideración até o ano 2022, cun desenvolvemento aínda escaso e precario, tal e como sinala o informe GREVIO.

No ano 2024, pese á oposición dunha trintena de colectivos feministas do noso país e a falta de consenso político, o goberno galego impulsaba os centros de crise 24 horas para a atención ás vítimas de violencia sexual de forma privatizada ao abeiro da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, que establecía no seu artigo 25 a obriga de “permitir a creación de centros de axuda de emerxencia para as vítimas de violacións e de violencias sexuais, apropiados, facilmente accesibles e en número suficiente, para realizarlles un recoñecemento médico e médico forense, e darlles un apoio vinculado ao traumatismo e consellos”.

Asinado o día 24/09/2025 ás
12:33
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 12:35:12
Nº Rexistro: 34696
Data envío: 24/09/2025 12:35:12.690

Pasados nove meses da posta en funcionamento, a Xunta de Galiza segue a ocultar a información solicitada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Así mesmo, malia o compromiso incluído nos Orzamentos de 2025 respecto dunha axuda para as vítimas de violencia sexual, hoxe non é unha realidade nin existe información ao respecto.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Por que oculta a Xunta de Galiza os detalles de resultado e funcionamento dos centros de crise 24 horas para violencia sexual?

Considera o goberno galego responsable para coas mulleres e para coa xestión pública non informar dos resultados do recurso pasado máis de medio ano da súa posta en marcha?

Cantas vítimas foron atendidas por cada un dos centros desde a apertura do recurso?

Vai recuperar para a xestión pública este recurso, toda vez coñecemos o fracaso doutros recursos privatizados?

Valora o goberno galego comezar a cumprir a súa propia lei de violencia e desenvolver unha axuda económica que inclúa estas vítimas?

Por que non desenvolveu ningún recurso como os que comprometía para vítimas de violencia sexual na memoria de orzamentos de 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2025 12:33:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 12:35:12
Nº Rexistro: 34696
Data envío: 24/09/2025 12:35:12.690

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/09/2025 12:35:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 12:35:12
Nº Rexistro: 34696
Data envío: 24/09/2025 12:35:12.690

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 12:36:22
Nº Rexistro: 34700
Data envío: 24/09/2025 12:36:22.533

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a adoptar para mellorar a mobilidade do alumnado de ensino non obrigatorio na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De novo chegou o comezo do curso escolar e de novo os alumnos e alumnas matriculados en calquera das modalidades de ensino non obrigatorio, bacharelato e ciclos formativos nos centros de ensino da comarca, en concreto nos I.E.S. de Terra de Soneira de Vimianzo, I.E.S. Maximino Romero de Lema, no I.E.S. Agra de Raíces e no I.E.S. Fernando Blanco de Cee seguen a sufrir os mesmos problemas no transporte público de autobús, o único medio público existente.

No caso do centro de ensino de Vimianzo, o alumnado de Camariñas segue a padecer as mesmas dificultades que o ano pasado, dado que os nenos e nenas non teñen transporte público para acudir as aulas durante toda a semana do curso escolar, no horario de 8.45 ás 14.25 da mañá, e na tarde do luns, de 15.50 a 18.30. A liña regular de autobús que existe entre Camariñas e Vimianzo, entre o luns e venres, sae ás 6.27 da mañá, e pola tarde de Vimianzo a Camariñas vai de volta ás 18:00 horas. Os alumnos de Camariñas non poden adaptarse a dito horario, dado que o da mañá sae demasiado cedo, e tendo en conta que a viaxe non chega a 30 minutos, non ten sentido que estean unha hora e media esperando a entrar nas aulas, e na tarde do luns, estas rematan media hora máis tarde das 18.00, hora de saída do bus. De martes a venres, non existen autobuses para que poidan volver xantar na casa, tendo que esperar ata as seis da tarde. Xa non falemos dos camariñáns que van ao instituto a Cee, que non teñen bus pola tarde para volver, e os que van aos institutos de Baio e Ponteceso non teñen directamente liña de

Asinado o día 24/09/2025 ás
12:31
Por Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 12:36:22
Nº Rexistro: 34700
Data envío: 24/09/2025 12:36:22.533

bus desde Camariñas ata ditos municipios, xa que actualmente non existe e teñen que ir nos seus vehículos particulares. Actualmente os concellos de Camariñas e Vimianzo están a buscar unha solución como alternativa á pasividade da Xunta de Galiza, que segue sen apostar por mellorar os servizos nos concellos que están en reto demográfico, incumprindo a propia lei de impulso demográfico que se aprobou no ano 2021.

Nos centros de ensino en Cee, o alumnado tamén segue a ter as mesmas trabas que o curso anterior. Os rapaces de Carnota non teñen parada diante do I.E.S. Fernando Blanco, pois este só ten parada no I.E.S. Agra de raíces, polo que os días de choiva teñen que ir andando ao outro centro, cando podían ter unha parada neste, pois pasa por diante do mesmo instituto. Así mesmo, os rapaces de Fisterra están a sufrir igualmente os mesmos problemas de falla de prazas nos autobuses, pois a semana pasada desprazouse unha inspectora de mobilidade xunto co alcalde de Fisterra, e puideron comprobar como quedaron apeados rapaces nas paradas da Anchoa, de Calcoba e de Sardiñeiro porque non había prazas e non podían ir en autobús, a pesar da recomendación da Consellería de ir de pé no bus, baseada nunha norma ou instrución, de non se sabe onde, que permite non ir sentado cando o transporte colectivo de viaxeiros non supere a velocidade de 80 kms/h en tramos curtos. A Xunta manifestou que puxeron un autobús de 77 prazas, pero segue a se insuficiente para a demanda existente. Ademais os horarios das liñas tampouco se adaptan aos seus das aulas, que son de 8.30 a 14.00 de luns a venres, de 16.00 a 18.30 de luns a xoves nos ciclos formativos, e de 16.00 a 17.40 os luns no caso do bacharelato, ao igual que lles pasa aos alumnos que veñen de Muxía ou Mazaricos.

Os mesmos problemas ten o alumnado que se despraza dende Carballo ao I.E.S. Maximino Romero de Lema, en Baio (Zas), que non chegan antes das 9.30 cando as clases comezan todos os días ás 8.45, tanto nos cursos do Bacharelato como no dos ciclos. E cando saen das clases non contan con autobuses adaptados aos seus horarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 12:36:22
Nº Rexistro: 34700
Data envío: 24/09/2025 12:36:22.533

A tónica dominante neste novo curso escolar non foi a normalidade na Costa da Morte como predica a Xunta de Galiza, xa que ademais dos recortes en profesorado, foi a falla de liñas ordinarias, de non coincidencias cos horarios dos centros educativos, ou a saturación das poucas liñas de transporte existentes, que seguen a ser unha constante na nosa comarca. A mobilidade en transporte público na bisbarra é un auténtico desbaraxuste, como vimos denunciando anos atrás, cun sistema desmantelado pola Xunta, con pouca planificación e non adaptada ás necesidades existentes do alumnado do ensino non obrigatorio.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten constancia a Xunta de Galiza da problemática do alumnado da Costa da Morte coas liñas de transporte en autobús?

- Por que a Consellería recoméndalle aos alumnos ir de pé nos autobuses de Fisterra a Cee, cando a inspectora de mobilidade impediu que estes subiran ao bus a semana pasada cando se completaron as prazas? En que norma se basea a Consellería para deixar ir aos alumnos e alumnas de pé nestes traxectos de transporte escolar?

- Que medidas urxentes ten pensado adoptar a Xunta para solucionar estes problemas?

- Considera a Xunta de Galiza que os concellos teñen competencias para establecer e contratar liñas de autobuses para o transporte escolar para ensinanzas non obrigatorias?

- Cal é o compromiso da Xunta cos concellos que se atopan na periferia en reto demográfico, en aplicación da lei de impulso demográfico aprobada polo Partido Popular no parlamento galego?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 24/09/2025 12:31:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 12:36:22
Nº Rexistro: 34700
Data envío: 24/09/2025 12:36:22.533

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/09/2025 12:36:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 12:36:22
Nº Rexistro: 34700
Data envío: 24/09/2025 12:36:22.533

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do CEIP Virxe do Portal de Sobrado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación na que se atopa a infraestrutura do CEIP Virxe do Portal de Sobrado actualmente é lamentable. A falta de inversións no mesmo e o desleixo da Consellería de Educación con este centro provoca que non se teña realizado ningunha reforma substancial desde a súa inauguración a comezos da década de 1980.

Actualmente existen goteiras no interior do centro, as tubaxes da recollida de augas están rotas en varios puntos, as fiestras non se cambiaron desde a posta en funcionamento do colexio coa consecuente falta de illamento térmico e de humidades, a pintura das fachadas exteriores está levantada, hai deficiencias no sistema de extracción de gases da cociña, e un longo etcétera de deficiencias nun edificio que acumula máis 13 anos desde o último investimento que recibiu para mellorar a entrada do centro e os aseos.

Todas estas demandas foron trasladadas ante a Xefatura Territorial correspondente, mais a única oferta que se recibiu foi a do cambio das cubertas, sen ningún compromiso orzamentario nin temporal.

Este centro está a recibir un incremento nas matriculacións, contando actualmente con 64 alumnas despois de varios anos cunha situación de moito menos alumnado. A Consellería de Educación debe garantir unha educación pública de calidade para todo o alumnado galego, incluído o do rural e de concellos pequenos, o que implica contar co

Asinado o día 24/09/2025 ás
12:54
Por Iria Carreira Pazos





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

persoal necesario mais tamén infraestruturas dignas nas que poder desenvolver as xornadas lectivas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita

– É consciente o goberno galego da situación na que se atopa o CEIP Virxe do Portal de Sobrado?

– Cal é o motivo polo cal non se teñen acometido as necesarias obras de reforma e rehabilitación para evitar o deterioro que presenta actualmente este centro de ensino?

– Cando ten previsto o goberno galego realizar as obras sobre as cubertas ás que se comprometeu a Xefatura Territorial?

– Cando vai realizar as necesarias obras de reforma do CEIP Virxe do Portal que lle está a reclamar toda a comunidade educativa de Sobrado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 24/09/2025 12:54:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 12:56:06
Nº Rexistro: 34706
Data envío: 24/09/2025 12:56:06.409

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/09/2025 12:56:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 12:56:06
Nº Rexistro: 34706
Data envío: 24/09/2025 12:56:06.409

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a mellorar a resposta fronte aos incendios forestais en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A eficacia na loita contra os incendios forestais depende de indicadores obxectivos que permitan avaliar o funcionamento real do operativo. O Pladiga, documento estratéxico da Xunta para a defensa contra os incendios, recolle como indicador clave o tempo de reacción no primeiro ataque dos lumes.

En 2019, Galiza acadaba un tempo medio de resposta de 20 minutos, o que era motivo de orgullo no funcionamento do sistema. Porén, segundo os datos recollidos no Pladiga de 2025, ese tempo aumentou ata os 22 minutos. Esta diferenza de dous minutos, aparentemente pequena, pode resultar determinante: nun incendio forestal, supón a diferenza entre sufocar un lume na súa fase inicial ou enfrontarse a unha traxedia de maiores dimensións.

Esta perda de eficiencia é unha proba clara de que o operativo, lonxe de avanzar, está a padecer unha falta de reforzo estrutural real. A substitución do persoal vixiante fixo das casetas por cámaras de videovixilancia, que non contan co seguimento constante nas pantallas dos centros de coordinación, diminúe a capacidade de resposta ante novos focos de incendio. Ademais, a actual distribución dos medios provoca que, a partir dunha determinada hora, brigadas e motobombas busquen refuxio nas bases,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

deixando zonas vulnerables durante períodos críticos. Así pois, os recortes encubertos, a precariedade laboral e a improvisación nos recursos pagan un prezo moi alto para a sociedade galega e para o noso patrimonio natural.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que valoración fai a Dirección xeral da defensa do monte do aumento de dous minutos no tempo medio de reacción recollido no Pladiga de 2025 respecto a 2019? Que causas identifica?

2. Hai previsión de restituír a vixilancia presencial nas casetas ante as limitacións do sistema de cámaras e o seu seguimento real nos centros de coordinación?

3. Que protocolos existen ou prevese mellorar para a distribución de brigadas e motobombas, evitando períodos nos que queden fóra de disposición operativa durante a xornada?

4. Pensa a Consellería incrementar a estabilidade e suficiencia dos equipos, recursos materiais e humanos do dispositivo contraincendios para garantir o reforzo estrutural necesario?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 24/09/2025 13:56:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 13:59:32
Nº Rexistro: 34725
Data envío: 24/09/2025 13:59:32.739

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/09/2025 13:59:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 13:59:32
Nº Rexistro: 34725
Data envío: 24/09/2025 13:59:32.739

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a ampliación de prazos relativos á presentación de declaracións e autoliquidacións e ao pagamento dos impostos aplicados pola Axencia Tributaria de Galiza derivados da Orde do 29 de agosto de 2025 da Consellaría de Facenda e Administración Pública ante a grave vaga de incendios que afectou o noso país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois da grave crise social, ambiental e económica que supuxeron para Galiza os graves incendios de agosto de 2025 a Consellaría de Facenda e Administración Pública arbitrou distintas medidas. Entre elas, as recollidas na Orde do 29 de agosto de 2025 da Consellaría de Facenda e Administración Pública respecto da ampliación de prazos relativos á presentación de declaracións e autoliquidacións e ao pagamento dos impostos aplicados pola Axencia Tributaria de Galiza.

De acordo con esta orde ampliábanse ata o 30 de setembro prazos para a presentación de declaracións e autoliquidacións e para o pagamento dos impostos aplicados no ámbito da Axencia Tributaria de Galiza consistentes na presentación de declaracións, autoliquidacións e documentación complementaria, o ingreso da débeda tributaria autoliquidada e a presentación de solicitudes de prórroga para a presentación de autoliquidacións e documentación do imposto sobre sucesións, que non estivesen vencidos na data de inicio dos incendios producidos a partir do 28 de xullo de 2025 que provocaron a activación do Peifoga en situación 2.

Tratándose dunha medida facilitadora das obrigas tributarias, que non exoneradora, a ampliación ata o 30 de setembro parece insuficiente, toda vez que a

Asinado o día 24/09/2025 ás
17:21
Por Noa Presas Bergantiños



situación excepcional derivada dos incendios pode derivar en distintas dificultades para a súa tramitación, como é o acceso e localización de documentación. Por outra banda, para moitas persoas afectadas pode ser relativamente complexo acreditar esa situación toda vez que podemos falar de segundas residencias, residencias familiares que non coinciden co padrón da persoa que debe exercer a obriga, etc.

Coa finalización do período previsto é preciso avaliar o resultado desta medida e a necesidade ou non de ampliar a data prevista polo goberno galego.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai o goberno galego ampliar o prazo previsto na Orde do 29 de agosto pola que estendía até o 30 de setembro o prazo para declaracións e autoliquidacións e ao pagamento de determinados impostos aplicados pola ATRIGA a afectados e afectadas pola vaga de lumes de agosto?

Considera o goberno galego suficiente a ampliación feita ou valora ampliála?

Cantas persoas pediron esta ampliación?

Cantas empresas?

Considera que debería ter flexibilizado a acreditación de persoa afectada para contemplar posibles situacións nas que esa persoa non estaba empadroadada no concello afectado?

Valora estender medidas respecto deste tipo de declaracións, autoliquidacións e impostos máis alá de 2025? a través de que mecanismos e con que normativa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2025 17:21:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 17:24:20
Nº Rexistro: 34734
Data envío: 24/09/2025 17:24:20.925

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/09/2025 17:24:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 17:24:20
Nº Rexistro: 34734
Data envío: 24/09/2025 17:24:20.925

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a presenza da lingua galega nas Escolas Oficiais de Idiomas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza, existen 11 Escolas Oficiais de Idiomas, ademais das súas 30 seccións (A Coruña (seccións de Arteixo, Carballo, Cee, Culleredo e Melide), Ferrol (seccións das Pontes e Cedeira), Santiago de Compostela (seccións de Negreira, Noia, Ordes, Ribeira e Santiago (IES do Sar)), Lugo (sección de Sarria), Monforte de Lemos, Ribadeo, Viveiro (sección de Burela) Ourense (seccións da Ponte, Celanova, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Ribadavia e Verín), Pontevedra (A Estrada, Lalín e Pontevedra (IES Valle-Inclán)), Vigo (seccións de Cangas, Coia, Nigrán, Ponteareas, Redondela e Tui) e Vilagarcía de Arousa) que dependen delas. Só contan con oferta de lingua galega as escolas da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, e Vilagarcía de Arousa.

As necesidades da poboación en relación coa oferta formativa de lingua galega non poden compararse coas outras linguas que se ofertan nas Escolas Oficiais de Idiomas. Como moito, co español para estranxeiros, e nese caso é unha lingua que ten unhas condicións moito máis favorábeis para a poboación estranxeira. Concretamente, a matrícula para os cursos de español para estranxeiros está aberta até o mes de xaneiro e son de carácter gratuíto para aquelas persoas que contan coa condición de refuxiada.

As persoas que demandan formación en lingua galega son, maioritariamente,



persoas galegas que precisan mellorar o seu galego formal porque non tiveron acceso a el durante os seus estudos (sexa por idade ou por outros motivos), mais que teñen uns coñecementos previos do idioma, e persoas procedentes doutros territorios, principalmente. O perfil deste último grupo de persoas é moi diverso: tanto persoas con estudos superiores que desexan acceder a postos na función pública como persoas que traballan en sectores máis precarizados, coa vontade de melloraren a súa situación laboral.

O deber da administración galega é facilitar a aprendizaxe de lingua galega a todas as persoas que queiran acceder a ela, e o formato da formación das Escolas Oficiais de Idiomas ten certas limitacións para as persoas traballadoras, que poden resolverse ou suavizarse facilmente. Por exemplo, aumentando os prazos de matrícula para facilitar a incorporación do alumnado en calquera momento do curso ou ampliando a oferta formativa con máis dispoñibilidade de horarios diferentes. As persoas que precisan aprender a lingua galega por motivos laborais precisan todas as facilidades. Unha posibilidade é incluír a modalidade semipresencial, que xa existe para outras linguas que se imparten nas EOI galegas.

Alén disto, o profesorado de lingua galega das Escolas Oficiais de Idiomas imparte, ademais das ensinanzas propias, unha parte dos cursos preparatorios para a obtención dos diferentes certificados CELGA e os cursos de linguaxe administrativa. Isto fai que sexa preciso contar cun equipo profesional máis amplo para poder atender tanto esta formación como as ensinanzas de lingua galega das propias de cada EOI.

O Secretario Xeral da Lingua afirmou, tras analizar os datos do último estudo do Instituto Galego de Estatística en relación co coñecemento e o uso da lingua galega, considerar que unha parte importante do descenso do número de falantes que recolle o estudo se debe á chegada de persoas de fóra. Polo tanto, se o goberno galego entende que as persoas chegadas de fóra de Galiza apenas falan a nosa lingua, deberá actuar con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

todas as súas atribucións para tentar reverter esta situación, tanto a través de formación como de medidas de divulgación e de publicidade en positivo para conseguir que a lingua galega resulte atractiva para elas, tanto como elemento de integración como no que se refire ao mercado laboral, ademais de medio de entrada para a nosa cultura e todas as culturas lusófonas.

Outra ferramenta imprescindible en relación coa lingua galega para as persoas chegadas de fóra son os certificados CELGA. Na actualidade, a cantidade e variedade de datas dos cursos preparatorios para a obtención destes certificados oficiais é moi limitada, polo que a súa utilidade real tamén acaba por selo. Moitas persoas precisan estes certificados por motivos laborais, polo que facilitar e simplificar a súa obtención debería ser unha prioridade para o goberno galego. Os cursos preparatorios non só se imparten nas Escolas Oficiais de Idiomas, mais a transparencia no que se refire ás listaxes de contratación para o resto de cursos, xestionados pola propia administración, é bastante limitada.

Alén diso, os cursos preparatorios para o CELGA que se ofertan nas EOI non encaixan nos tempos nin da propia EOI nin do alumnado. As convocatorias para inscribirse nos cursos presenciais EOI saen en maio, o curso (de 60 horas) comeza en setembro, e os exames son en novembro. A cuestión é que nas EOI non hai tempo material de rematar o curso antes do exame.

A modalidade virtual (que anunciou o Conselleiro da Lingua no Pleno do Parlamento, mais que xa existe) non supón un avance no que se refire á dispoñibilidade, xa que a calidade destes cursos non é, en absoluto, suficiente, o que en realidade complica máis o acceso aos cursos e aos certificados.

Por outra banda, os materiais están desactualizados: os libros Aula de Galego, que tamén están dispoñíbeis na web, son do ano 2008, e non foron actualizados acorde aos cambios no Marco Europeo de Referencia para as Linguas, tampouco de acordo cos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cambios dos Decretos de Ensinanzas de EOI. Esta falta de materiais actualizados afecta as Escolas Oficiais de Idiomas e os cursos CELGA.

A formación é a única ferramenta que pode dar ás persoas que veñen de fóra os coñecementos para teren a capacidade de usar a lingua galega. Por iso, é fundamental reforzar a presenza da lingua galega nas escolas oficiais de idiomas (reforzar nas EOI nas que está implantada, e garantila en todas as seccións, ou cando menos, naquelas comarcas nas que a porcentaxe de persoas chegadas de fóra de Galiza sexa maior), tanto a formación preparatoria dos cursos CELGA como a ordinaria propia das EOI, que corresponde aos niveis do Marco Europeo; ampliar o corpo de profesorado de lingua galega nas EOI, reforzando todos os departamentos e tendo en conta, especialmente, aquelas escolas nas que a demanda sexa maior; mellorar a oferta dos cursos CELGA e adaptalos á realidade, tanto das EOI como das necesidades da cidadanía.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o goberno galego a oferta da lingua galega nas Escolas Oficiais de Idiomas e, en xeral, para as persoas procedentes de fóra de Galiza?
- O goberno galego coñece a demanda de lingua galega nas Escolas Oficiais de Idiomas?
- Estudou nalgunha ocasión a demanda de formación en lingua galega fóra das principais cidades?
- Ten previsto o goberno galego mellorar a oferta de lingua galega nas Escolas Oficiais de Idiomas?
- Ten previsto o goberno galego aumentar o número de profesores e profesoras de lingua galega asignados a Escolas Oficiais de Idiomas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten previsto o goberno galego incluír a modalidade semipresencial na oferta de lingua galega nas Escolas Oficiais de Idiomas?

- Que outras medidas prevé o goberno galego para facilitar a aprendizaxe de lingua galega ás persoas procedentes de fóra de Galiza?

- Como valora o goberno galego a dispoñibilidade e facilidade de acceso aos cursos preparatorios e exames dos diferentes certificados CELGA?

- Como valora o goberno galego a calidade da formación virtual destinada á preparación para obtención dos certificados CELGA?

- Ten previsto o goberno galego levar a cabo algunha medida para mellorar a calidade, acceso e dispoñibilidade dos cursos preparatorios para a obtención dos certificados CELGA?

- Quen conforma o corpo de persoal que está a impartir os cursos destinados á obtención dos diferentes certificados CELGA, e cal é a súa situación actual?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 24/09/2025 17:51:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 17:54:48
Nº Rexistro: 34741
Data envío: 24/09/2025 17:54:48,949

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 17:54:48
Nº Rexistro: 34741
Data envío: 24/09/2025 17:54:48,949

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/09/2025 17:54:49

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a seca do verán de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O último verán climatolóxico rexistrou, segundo Meteogalicia, mínimos históricos de precipitacións dende 1981, agravando a problemática de subministración de auga e xerando perdas económicas directas de 853 millóns de euros, cifra que podería duplicarse en cinco anos de persistir a inacción.

O World Resources Institute (Instituto de Recursos Mundiais), mediante a ferramenta Aqueduct, prevé un panorama pouco esperanzador para o futuro dos recursos hídricos en Galicia, situando o risco de seca nun valor medio-alto (20-40%) en 2050 e 2080 en moitas comarcas, con tendencia agravada en escenarios pesimistas. O mapa de estrés hídrico de Aqueduct evidencia unha crecente presión sobre as reservas renovables de auga, tanto superficiais como subterráneas, e advirte da temporalidade do risco, especialmente de xullo a outubro.

A realidade dos solos galegos dificulta a retención e almacenamento da auga, polo que períodos prolongados sen auga ten un impacto directo nos cultivos e minan a capacidade produtiva das explotacións agroganadeiras e hortícolas, especialmente nas zonas de minifundio e nas comarcas máis afectadas. Episodios de seca combinados con temperaturas elevadas, baixa humidade e vento (“30-30-30”), incrementan ademais o risco de grandes incendios forestais, prolongados e graves para o rural galego.



A falta de planificación e medidas de adaptación provoca que explotacións de leite e carne teñan que consumir reservas de forraxe destinadas ao inverno pola falta de pastos, e que a mala produción da segunda corta de herba agrave a situación. Na horta, a seca e a ausencia de infraestruturas de rega adaptadas fan inviable manter unha produción regular, mentres cultivos como o castaño sufriron caídas prematuras do froito polo calor extremo.

Os informes internacionais e gubernamentais coinciden en que a inacción fronte ao cambio climático supón custos económicos e sociais exponenciais, superiores a calquera investimento público en adaptación e xestión eficiente. Resulta imprescindible actuar de inmediato para evitar o colapso dos sectores agrario, gandeiro, turístico e garantir o abastecemento cidadán, así como para reducir a factura social e laboral derivada (absentismo, sobrecostos fiscais, perda de produtividade, etc.).

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cal é o balance oficial do impacto económico, social e medioambiental da seca rexistrada no último verán en Galiza, segundo os datos das diferentes consellerías e organismos dependentes?
2. Que criterios, previsións e indicadores internacionais (como o Aqueduct do WRI) están a ser empregados na planificación e toma de decisións en materia de xestión dos recursos hídricos, especialmente nas comarcas con maior risco?
3. Está previsto reforzar a cooperación con organismos internacionais e científicos para anticipar e monitorizar os episodios de estrés hídrico e seca, así como para adaptar as infraestruturas e sistemas de abastecemento? Que recursos e prazos manexa o Goberno para este reforzo?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Que medidas de axuda urxente se van activar para os sectores agrario, gandeiro, turístico e para abastecemento dos cidadáns afectados polas perdas directas da seca e polos riscos futuros? Existe algún plan específico para as áreas máis vulnerables segundo os estudos internacionais?

5. Que campañas de sensibilización e educación ambiental van poñerse en marcha para promover o uso e xestión responsable da auga, e como se garantirá a transparencia e eficacia no destino dos fondos públicos para adaptación ao cambio climático?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 24/09/2025 18:14:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 18:16:28
Nº Rexistro: 34747
Data envío: 24/09/2025 18:16:28.685

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 18:16:28
Nº Rexistro: 34747
Data envío: 24/09/2025 18:16:28.685

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/09/2025 18:16:29

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as necesidades que ten o CPI da Caniza con respecto ás instalacións educativas do centro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CPI da Cañiza, é un centro da comarca da Paradanta que se atopa nunha contorna totalmente rural e que é a escola referente para a poboación infanto-xuvenil do Concello da Caniza e outros concellos limítrofes, entre os 3 e os 16 anos, nas etapas educativas de Infantil, Primaria e Secundaria.

As súas instalacións constan de dúas edificacións ben diferenciadas. Unha para as etapas de infantil e primaria e outra para secundaria.

Dentro do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, a Consellería acometeu varias obras de eficiencia enerxética que foron adxudicadas a primeiros de xuño de 2020 e que, malia anunciar realizalas en dous meses e medio, non estiveron rematadas ata marzo de 2021, momento en que publicitaron que fora realizada unha “remodelación completa”.

Nesa obra incluíronse o illamento das fachadas, as ventás de carpintería de aluminio, persianas novas, luminarias eficientes, cambio de caldeiras a biomasa e varias cubertas.

Unha das que quedou pendente foi a do edificio que alberga un pavillón de 40 anos para infantil e primaria, que agora atópase nun estado lamentable, co tellado levantado en parte, debendo instalar caldeiros no ximnasio para recoller as continuas goteiras cando chove e as paredes, así como o solo, rezuman auga.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A dirección do centro veuse na obriga a pasada semana de comunicar ás familias do seu alumnado de infantil e primaria, máis de 300 alumnos/as, a suspensión das actividades extraescolares neste espazo, así como ás clases prácticas de Educación Física e Psicomotricidade ata que o tellado se mude.

Isto obrigará ao profesorado e alumnado afectado a realizar a actividade física no patio mentres a climatoloxía o permita, xa que non é cuberto, e cando non sexa así, deberán limitarse a impartir a parte teórica nas aulas, unha situación educativa completamente anómala.

Esta situación das instalacións do centro da Caniza é coñecida dende hai tempo polo Concello da Caniza que ostenta o mantemento do centro e a dirección solicitou tamén unha reunión coa Dirección Territorial de Educación en Pontevedra que aínda non foi respostada. Dende o Concello ofrecen persoal propio para realizar a obra e asesoramento técnico da arquitecta/o municipal, mais o centro educativo non dispón de recursos propios para asumir o gasto dos materiais e entende ademais que non é quen de iniciar un procedemento para resolver un problema desta dimensión.

Na actualidade a ANPA está a valorar realizar mobilizacións demandando esta obra tan necesaria para o que o centro poida volver á normalidade, despois dos escritos que foron enviados á Consellería.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas vai tomar a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, para dotar dunha cuberta nova o edificio do pavillón de infantil e primaria para que deixe de filtrar auga polo tellado, paredes e solo nos días de chuvia e poder ser usado para impartir as clases prácticas de Educación Infantil e Psicomotricidade?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 24/09/2025 18:19:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 18:21:30
Nº Rexistro: 34751
Data envío: 24/09/2025 18:21:30.662

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 18:21:30
Nº Rexistro: 34751
Data envío: 24/09/2025 18:21:30.662

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/09/2025 18:21:31

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxencia de a Xunta cumprir o compromiso coa comunidade educativa do CPI Castro Baxoi de Miño (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno celebrado o 9 de outubro de 2024, o grupo parlamentario do BNG trasladámoslle ao Conselleiro de Educación, Román Rodríguez, a seguinte pregunta: vai comprometer o goberno da Xunta nos orzamentos de 2025 a partida necesaria para resolver as importantes deficiencias que presenta o CPI Castro Baxoi de Miño?

Preguntabamos, en definitiva, polo incumprimento dos compromisos acadados pola propia Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, cando o Secretario Xeral Técnico da Consellería, Manuel Vila, afirmaba no mes de xullo de 2023 que “por parte da unidade técnica si que se está analizando os problemas que dá esa cuberta do patio. Polo tanto, imos facer algunha actuación de mellora nesa cuberta. A unidade técnica adoptará este verán as melloras que precise.”

Porén, desde aquela data non se acometeu ningunha intervención, nin no verán de 2023 nin no de 2024, desaproveitando dous períodos non lectivos nos que este tipo de obras poden executarse sen interferir na actividade académica. A maiores, tampouco se anunciou até o momento ningunha actuación futura nin se informou sobre os resultados desas análises técnicas realizadas.

Volvendo ao pleno do 9 de outubro de 2024, a inconcreción do conselleiro na súa resposta traducíuse na inexistencia de partida orzamentaria para 2025, que o tempo volveu





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

confirmar no inicio deste novo curso académico 2025-2026 en que este centro segue coas mesmas problemáticas na súa infraestrutura, nomeadamente a respecto do comprometido e adiado arranxo da cuberta do patio que segue a provocar importantes problemas no conxunto do centro educativo.

A cuberta do patio é unha infraestrutura básica para o desenvolvemento das actividades educativas e de lecer do alumnado, especialmente nos días de choiva, por iso a comunidade educativa do CPI Castro Baxoi non entende que a Xunta deixase pasar outro período vacacional estival sen cumprir a súa palabra resolvendo os graves problemas da cuberta do patio. Toda unha falta de respecto á veciñanza de Miño.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Cando vai executar a Xunta as obras comprometidas de arranxo da cuberta do patio do CPI Castro Baxoi de Miño?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/09/2025 10:09:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 10:11:16
Nº Rexistro: 34757
Data envío: 25/09/2025 10:11:16.637

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 10:11:16
Nº Rexistro: 34757
Data envío: 25/09/2025 10:11:16.637

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/09/2025 10:11:17

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 11:19:06
Nº Rexistro: 34767
Data envío: 25/09/2025 11:19:06,712

Asinado o día 25/09/2025 ás 11:13
Por Elena Espinosa N

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

As comisións de servizo son un mecanismo excepcional e temporal de provisión de postos de traballo, cando por razóns de necesidade e urxencia non poida empregarse o procedemento ordinario de provisión mediante concurso, que é o mecanismo preferente e normal para garantir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. A propia normativa e a práctica administrativa recoñecen ese carácter excepcional do nomeamento por comisión de servizo.

Asinado o día 25/09/2025 ás 11:13
Por Paloma Castro Rey

En xullo de 2025 o Tribunal Supremo ditou unha sentenza que establece criterios relevantes respecto das prórrogas de comisións de servizo e sinala a necesidade de xustificar adecuadamente as prórrogas máis aló do prazo legalmente previsto, creando xurisprudencia aplicable ás administracións públicas. Dita sentenza subliña ademais que os órganos representativos poden solicitar información sobre as prórrogas e que a Administración debe ofrecer os motivos e documentación que xustifiquen a urxencia e necesidade das mesmas.

Asinado o día 25/09/2025 ás 11:13
Por Patricia Iglesias Rey

No contexto da Administración autonómica cobran especial relevancia cuestións de transparencia, igualdade de oportunidades no acceso ao emprego público, e control sobre a utilización prolongada de fórmulas excepcionais que poden, se non se regulan e xustifican correctamente, vulnerar o principio de provisión ordinaria por concurso.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

121528

28071 Madrid



Por todo iso, e co obxecto de asegurar o cumprimento das normas e dos criterios xerais fixados pola xurisprudencia, presenta esta proposición non de lei mediante a que se formulan preguntas e se propón un acordo ao Parlamento de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego a achegar a relación completa e actualizada (por corpo/escala, posto e unidade orgánica) de todas as comisións de servizo activas na Xunta de Galicia no momento da resposta, indicando para cada unha: data de inicio, datas e motivacións das prórrogas, órgano que acordou a comisión de servizo, e se existe resolución expresa para cada prórroga?
2. Aplícanse criterios obxectivos nas Consellarías e nas entidades do sector público autonómico para autorizar as comisións de servizo, as súas prórrogas, así como o mantemento das comisións máis alá do prazo legal máximo de 2 anos?
3. Que medidas concretas adoptará a Xunta para garantir que a provisión de postos responda prioritariamente ao procedemento ordinario de concurso e para limitar o uso continuado e non xustificado de comisións de servizo?
4. Confirma a Xunta se ten previsto establecer mecanismos de publicidade activa previa sobre todas as convocatorias e sobre os nomeamentos de comisións de servizo e as súas prórrogas, nos que se inclúan o número de solicitantes, incluíndo a publicidade dos informes que serven de base á adxudicación, así como a valoración de méritos comparativos para as comisións de servizos ? Se non, por que non?

Santiago de Compostela, a 25 de setembro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/09/2025 11:13:40

Paloma Castro Rey na data 25/09/2025 11:13:50

Elena Espinosa Mangana na data 25/09/2025 11:13:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 11:19:06
Nº Rexistro: 34767
Data envío: 25/09/2025 11:19:06.712



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 11:19:06
Nº Rexistro: 34767
Data envío: 25/09/2025 11:19:06.712

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/09/2025 11:19:07

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a presentación de Lugo como capital do audiovisual galego acollendo a gala dos Premios Mestre Mateo de 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de setembro tivo lugar a presentación pública de Lugo como capital do audiovisual galego acollendo a gala dos Premios Mestre Mateo de 2026, porén, a TVG non lle deu cobertura. Sorprende que isto fose así tendo en conta que a televisión pública de Galiza emite a propia gala.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Por que a TVG non cubriu a presentación pública de Lugo como cidade que acollerá a galega dos Premios Mestre Mateo de 2026?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asinado o día 25/09/2025 ás
13:25
Por Olalla Rodil Fernández



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2025 13:25:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 13:26:44
Nº Rexistro: 34779
Data envío: 25/09/2025 13:26:44.485

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 13:26:44
Nº Rexistro: 34779
Data envío: 25/09/2025 13:26:44.485

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/09/2025 13:26:45

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 16:32:48
Nº Rexistro: 34787
Data envío: 25/09/2025 16:32:48,558

Asinado o día 25/09/2025 ás 16:30
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e Aitor Bouza Manso, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Pazo de Montesacro sito no concello de Cambados e pertencente á congregación das Hermanitas dos Anciáns Desamparados, ata hai 1 ano prestaba servizos como residencia de maiores, pero recentemente foi adquirido pola empresa *Iberis Investment Group* co fin de destinar este inmoible a uso hoteleiro.

Este inmoible que se atopa nun **conxunto histórico** e ten unhas características que fan que cumpra os requisitos establecidos na lexislación vixente para ser considerado Ben de Interese Cultural (BIC) **ou estar incluído no** Inventario Xeral do Patrimonio Histórico.

A lexislación establece claramente que, nos casos de transmisión de bens protexidos ou suxeitos a expediente de protección, as administracións competentes —entre elas as comunidades autónomas— poden exercer os dereitos de tanteo e retracto co fin de preservar o patrimonio cultural.

En concreto, o Real decreto 111/1986, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 16/1985, do patrimonio histórico español, establece no seu artigo 40 que:

“Quen trate de enaxenar un ben declarado de interese cultural, ou con expediente incoado, ou incluído no Inventario Xeral, debe notificar a operación ás administracións competentes.”

Asinado o día 25/09/2025 ás 16:29
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/09/2025 ás 16:29
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

121535

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 16:32:48
Nº Rexistro: 34787
Data envío: 25/09/2025 16:32:48,558

E no caso de falta de notificación, o artigo 38 da Lei 16/1985 permite exercer o dereito de retracto nun prazo de seis meses desde que a administración teña coñecemento fidedigno da operación.

Ademais, o artigo 61 do Real decreto establece que os inmobles situados en conxuntos históricos que teñan máis de 50 anos e estean incluídos nun catálogo urbanístico como bens de protección integral, teñen tamén a consideración de bens de interese cultural para os efectos legais, incluído o exercicio de dereitos como o retracto.

Tendo en conta que:

- Galicia conta cun valioso patrimonio histórico e cultural,
- O deber das administracións públicas é garantir a súa protección e posta en valor, e
- que a Xunta ten a competencia para exercer o dereito de retracto nestes casos, cómpre que a Administración autonómica actúe para salvagardar este ben e o incorpore, se é o caso, ao patrimonio público.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego iniciar os mecanismos necesarios para exercer o dereito de retracto sobre o pazo de Montesacro e así evitar a súa perda como parte do patrimonio histórico galego?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

121536

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 25/09/2025 16:29:46

Silvia Longueira Castro na data 25/09/2025 16:29:55

Aitor Bouza Manso na data 25/09/2025 16:30:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 16:32:48
Nº Rexistro: 34787
Data envío: 25/09/2025 16:32:48,558

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 16:32:48
Nº Rexistro: 34787
Data envío: 25/09/2025 16:32:48,558

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/09/2025 16:32:49

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza garanta a continuidade do Mestrado en Matemáticas na Universidade de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai xa meses o debate sobre a continuidade do Mestrado en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela leva copando a discusión política no eido universitario no que respecta á defensa da universidade pública.

Todo isto débese a que, por vontade única e exclusiva do Partido Popular, a Xunta de Galiza decidiu acabar con este mestrado no curso 2025-2026, unha decisión inxusta que provocou grandes protestas por parte do estudantado e do profesorado galego e estatal.

Este peche do mestrado totalmente ilóxico e acientífico, provocou que desde o Bloque Nacionalista Galego se lle preguntase ao Conselleiro de Educación sobre cal ía ser o futuro deste mestrado, ao que o propio conselleiro non puido dar ningunha resposta concluínte.

Do mesmo xeito, a Xunta de Galiza continúa sen aclarar a súa postura a respecto da modificación do Decreto 222/2011 que condiciona de xeito directo a existencia tanto deste mestrado como de moitos outros aínda ofertados na universidade pública do noso país.

Asinado o día 25/09/2025 ás
17:05
Por Daniel Castro García





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Igualmente, a Xunta de Galiza segue sen concretar cales son os criterios científicos para denegar a singularidade ao Mestrado en Matemáticas da USC, unha singularidade máis que probada tanto por criterios educativos, como de produción científica ou de investigación.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Xunta de Galiza garantir a oferta do Mestrado de Matemáticas na Universidade de Santiago de Compostela de xeito permanente a partir do curso 2026-2027?
- Está disposta a Xunta de Galiza a recoñecer e dotar da singularidade a este mestrado?
- Cal é a opinión da Xunta de Galiza a respecto da continuidade do Decreto 222/2011?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 25/09/2025 17:05:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 17:07:35
Nº Rexistro: 34793
Data envío: 25/09/2025 17:07:35.993

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 17:07:35
Nº Rexistro: 34793
Data envío: 25/09/2025 17:07:35.993

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/09/2025 17:07:36

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 17:32:41
Nº Rexistro: 34805
Data envío: 25/09/2025 17:32:41.032

Asinado o día 25/09/2025 ás 17:30
Por Lara Méndez Lóp

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O desenvolvemento económico e industrial de Galicia depende en boa medida da capacidade das administracións públicas para poñer á disposición das empresas solo industrial ben localizado, competitivo e con servizos axeitados.

A sociedade pública Xestur, participada en case un 99 % pola Xunta de Galicia, debía ser a principal ferramenta para acadar este obxectivo. Non obstante, os datos de xestión evidencian o fracaso das políticas do Goberno galego: en 2024 as vendas de solo industrial caeron á metade respecto do exercicio anterior, quedando en apenas 7,6 millóns de euros, a cifra máis baixa da última década agás o ano da pandemia. En 2023 foran 20 millóns de euros e en anos anteriores situáranse nunha media de entre 12 e 17 millóns anuais.

Este retroceso constata que a Xunta carece dun selo galego propio en política industrial, limitándose a unha xestión errática, curtopracista e sen visión estratéxica. Ademais, a política de bonificacións dos prezos, lonxe de resultar eficaz, provocou que Xestur acumule perdas ano tras ano, obrigando a transferencias orzamentarias de máis de 32 millóns de euros desde 2021 para tapar o déficit e financiar novos proxectos.

A escisión de Xestur e a creación da sociedade Vipugal non melloraron a situación, senón que contribuíron a reducir a actividade e a desorientar a acción pública. Mentres tanto, Galicia continúa sen unha política industrial

Asinado o día 25/09/2025 ás 17:30
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 25/09/2025 ás 17:30
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

121543

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VHKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 17:32:41
Nº Rexistro: 34805
Data envío: 25/09/2025 17:32:41.032

ambiciosa que permita atraer investimentos, consolidar proxectos tractores e crear emprego de calidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como xustifica a Xunta que as vendas de solo industrial a través de Xestur acadaran en 2024 o peor dato da última década, só superado polo ano da pandemia?
2. Que medidas concretas ten previsto adoptar o Goberno galego para reverter esta situación e dotar a Galicia dunha política industrial con selo propio, acorde coas súas competencias exclusivas nesta materia?
3. Considera a Xunta que a súa política de bonificación de prezos, que xerou máis de 32 millóns de perdas asumidas con fondos públicos, é realmente unha ferramenta eficaz para dinamizar o mercado do solo industrial?
4. Que balance fai a Xunta da escisión de Xestur e da creación de Vipugal, tendo en conta a redución da actividade e os pobres resultados acadados?
5. Cales son os plans concretos da Xunta para garantir que a oferta de solo industrial en Galicia sexa competitiva e atractiva para captar novos proxectos empresariais e industriais?

Santiago de Compostela, a 25 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

121544

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/09/2025 17:30:15

Elena Espinosa Mangana na data 25/09/2025 17:30:21

Lara Méndez López na data 25/09/2025 17:30:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 17:32:41
Nº Rexistro: 34805
Data envío: 25/09/2025 17:32:41.032

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 17:32:41
Nº Rexistro: 34805
Data envío: 25/09/2025 17:32:41.032

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/09/2025 17:32:41

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:12:43
Nº Rexistro: 34816
Data envío: 25/09/2025 18:12:43,839

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O transporte metropolitano na comarca de Ferrolterra atópase nunha situación crítica que prexudica a milleiros de veciños e veciñas. O novo contrato de transporte impulsado pola Xunta de Galicia está a demostrar ser un auténtico desastre: autobuses sen prazas suficientes, persoas que quedan tiradas nas paradas, liñas con frecuencias mínimas e unha evidente falta de planificación.

As consecuencias son graves: traballadores e traballadoras que non poden chegar a tempo aos seus postos, persoas maiores que non acoden a citas médicas e estudantes que ven afectado o seu dereito á educación. A combinación do transporte escolar co ordinario está a xerar máis problemas ca solucións: nenas e nenos que teñen que adaptarse aos horarios dos autobuses en lugar de ser ao contrario, chegando moito antes da hora de inicio das clases e vendo como se vulneran os seus dereitos máis básicos.

En definitiva, a situación é froito da mala xestión das políticas de transporte da Xunta de Galicia, que está a illar a unha comarca enteira e a prexudicar gravemente a súa cidadanía.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para garantir que ningún usuario do transporte metropolitano en Ferrolterra quede sen praza nos autobuses?

Asinado o día 25/09/2025 ás
18:06
Por Carlos López Font

Asinado o día 25/09/2025 ás
18:06
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

121547

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:12:43
Nº Rexistro: 34816
Data envío: 25/09/2025 18:12:43,839

2. Considera a Xunta que é normal que persoas traballadoras e maiores queden tamén sen servizo de transporte metropolitano en Ferrolterra por falta de prazas e frecuencias?
3. Cando pensa a Xunta adoptar solucións concretas e inmediatas para poñer fin a esta situación que afecta a dereitos básicos como o acceso ao traballo, á sanidade e á educación?

Santiago de Compostela, a 25 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

121548

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/09/2025 18:06:53

Carlos López Font na data 25/09/2025 18:06:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:12:43
Nº Rexistro: 34816
Data envío: 25/09/2025 18:12:43,839

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:12:43
Nº Rexistro: 34816
Data envío: 25/09/2025 18:12:43,839

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/09/2025 18:12:44

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:24:56
Nº Rexistro: 34830
Data envío: 25/09/2025 18:24:56,314

Asinado o día 25/09/2025 ás 18:24
Por Carlos López For

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta por escrito**.

O transporte metropolitano na comarca de Ferrolterra atópase nunha situación crítica que prexudica a milleiros de veciños e veciñas. O novo contrato de transporte impulsado pola Xunta de Galicia está a demostrar ser un auténtico desastre: autobuses sen prazas suficientes, persoas que quedan tiradas nas paradas, liñas con frecuencias mínimas e unha evidente falta de planificación.

As consecuencias son graves: traballadores e traballadoras que non poden chegar a tempo aos seus postos, persoas maiores que non acoden a citas médicas e estudantes que ven afectado o seu dereito á educación. A combinación do transporte escolar co ordinario está a xerar máis problemas ca solucións: nenas e nenos que teñen que adaptarse aos horarios dos autobuses en lugar de ser ao contrario, chegando moito antes da hora de inicio das clases e vendo como se vulneran os seus dereitos máis básicos.

En definitiva, a situación é froito da mala xestión das políticas de transporte da Xunta de Galicia, que está a illar a unha comarca enteira e a prexudicar gravemente a súa cidadanía.

Asinado o día 25/09/2025 ás 18:24
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/09/2025 ás 18:24
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal **981.55.15.30**

121551

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:24:56
Nº Rexistro: 34830
Data envío: 25/09/2025 18:24:56.314

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como pensa a Xunta de Galicia corrixir a situación xerada polo modelo de integración do transporte escolar co ordinario, que obriga ao alumnado a adaptarse a horarios alleos ás necesidades educativas?
2. Considera a Xunta de Galicia aceptable que nenos e nenas queden tirados nas paradas sen poder acceder ao transporte escolar que lles corresponde?
3. Cales son as medidas urxentes que prevé implementar o Goberno galego para garantir que ningún ou ningunha estudante quede sen transporte adaptado ao seu horario escolar?

Santiago de Compostela, a 25 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

121552

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/09/2025 18:24:02

Silvia Longueira Castro na data 25/09/2025 18:24:09

Carlos López Font na data 25/09/2025 18:24:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:24:56
Nº Rexistro: 34830
Data envío: 25/09/2025 18:24:56.314

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:24:56
Nº Rexistro: 34830
Data envío: 25/09/2025 18:24:56.314

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/09/2025 18:24:56

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:23:33
Nº Rexistro: 34829
Data envío: 25/09/2025 18:23:33,256

Asinado o día 25/09/2025 ás 18:22
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Hai máis dunha década que a veciñanza de Poio e o PSdeG veñen reclamando a necesidade dun novo centro de saúde que cumpra as condicións necesarias para dotar aos máis de 17.000 habitantes dunha atención sanitaria de calidade e con servizos suficientes.

O Goberno galego do PP utilizou a promesa deste centro como arma electoral durante todo este tempo chegando incluso o anterior conselleiro de Sanidade a afirmar no mes de outubro do ano 2021 que no Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria, aprobado polo Consello da Xunta, prevíase na súa fase 1 a construción dun novo centro de saúde en Poio cun espazo estimado de 2.289 metros cadrados.

Transcorridos catro anos desta data, no hai sinais desta obra a pesares de existir terreos a disposición da Xunta para a súa execución que contan cun amplo consenso social.

A veciñanza de Poio leva moitos anos esperando por un novo Centro de Saúde dotado dos medios materiais e humanos necesarios e suficiente, xa que o actual non ten espazo para poder prestar servizos de determinadas especialidades como nutrición, fisioterapia, odontoloxía.... que son derivadas a Pontevedra.

Por outra banda, na actualidade este centro esta a padecer tamén un problema de persoal, xa que non están cubertas todas as prazas de persoal médico

Asinado o día 25/09/2025 ás 18:22
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 25/09/2025 ás 18:22
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

121555

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:23:33
Nº Rexistro: 34829
Data envío: 25/09/2025 18:23:33,256

adscritas o que provoca un incremento notable das listas de agarda para Atención Primaria e unha saturación de traballo para os profesionais existentes que teñen nas súas carteiras unha media de 1.400 pacientes.

Dende o grupo parlamentario socialista cremos que é urxente e necesario que o Goberno galego solucione esta situación proporcionando á veciñanza de Poio unha atención sanitaria digna e de calidade que por lei lles corresponde e isto pasa pola construción dun novo centro que se poida dotar de máis servizos e por cubrir as prazas vacantes na actualidade.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego iniciar no ano 2026 a construción dun novo centro de saúde en Poio que substitúa o actual de Anafáns?

Santiago de Compostela, 25 de septiembre de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

121556

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 25/09/2025 18:22:22

Elena Espinosa Mangana na data 25/09/2025 18:22:46

Silvia Longueira Castro na data 25/09/2025 18:22:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:23:33
Nº Rexistro: 34829
Data envío: 25/09/2025 18:23:33,256

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:23:33
Nº Rexistro: 34829
Data envío: 25/09/2025 18:23:33,256

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/09/2025 18:23:33

CSV: BOPGDSPG-8PCC2VhKW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

